

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 3 DE AGOSTO DE 2010.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día 3 de agosto de dous mil dez, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López (quen se incorpora á sesión no momento que se transcribe), don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona M^a del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación do orzamento xeral e plantilla de persoal, exercicio 2010.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2010 que ascende a un importe de 11.000.315,68 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4.340.941,12	Cap. 1.- Impostos directos	3.350.235,85
Cap.2.- Gastos en besn correntes e servizos	4.094.678,58	Cap. 2.- Impostos indirectos	190.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	163.200,00	Cap.3.- Tasas e outros ingresos	2.151.893,00
Cap. 4.-	322.173,00	Cap. 4.-	3.767.301,21

Transferencias correntes		Transferencias correntes	
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	56.000,00
Cap.6.- Inversiones reales	1.442.768,59	Cap.6.- Enajenación de inversiones reales	0,00
Cap.7.- Transferencias de capital	1.300,00	Cap.7.- Transferencias de capital	961.179,77
Cap. 8.- Activos financieros	60.000,00	Cap.8.- Activos financieros	60.000,00
Cap. 9.- Pasivos financieros	575.254,39	Cap. 9.- Pasivos financieros	463.705,85
TOTAL	11.000.315,68	TOTAL	11.000.315,68

Segundo.- Que se dispoña no acordo de aprobación do orzamento que as modificacións de crédito nº 1, 2,3 e 4 na modalidade de transferencias de créditos , modificación de crédito nº 1 na modalidade de crédito extraordinario e modificación nº 2/2010 na modalidade de xeración de crédito realizadas sobre o orzamento prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento polo que ditas modificacións anularanse por incluírse nas partidas concretas no proxecto de orzamentos, todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.

Terceiro.- Expoñer ó público por un período de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.

Cuarto.- Aprobar inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Consta no expediente informes de Intervención transcritos íntegramente:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

Marta Roca Naveira, Interventora do Concello de Fene, emite informe ó Orzamento Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2010.

ASUNTO: Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2010.

Organo resolutorio: Pleno, por maioría simple.

LEXISLACION APLICABLE:

- (LALG) Artigos 5.1 e 232.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, sobre normas reguladoras da Administración Local de Galicia.
- (LBRL) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- (LXO) Lei 47/2006, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria.
- (RD500/90) Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- (TRLRFL) Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- (TRLXEO) Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la ley 18/2001, de 12 de diciembre, de Estabilidad Presupuestaria, en su aplicación a las entidades locales.
- (ROF) Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- (RSCL) Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das corporacións Locais.
- Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción de Contabilidade para a Administración Local.
- Orde de 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio 2010.
- RDL 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

ANTECEDENTES.

A Corporación tramita a aprobación do orzamento correspondente ó exercicio 2010.

O TRLRFL adica o seu Título IV, Capítulo I á regulación dos orzamentos das Entidades Locais. Así na Sección 1ª (artigos 162 a 171) regula o contido e procedemento de aprobación dos orzamentos. Establece que as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento da propia entidade así como dos organismos autónomos dependentes da mesma.

De acordo co establecido no artigo 168.4 do TRLRFL “sobre la base de los presupuestos y estados de previsión a que se refieren los apartados 1 y 2 anteriores, el presidente de la entidad formará el presupuesto general y lo remitirá, informado por la intervención y con los anexos y documentación complementaria detallados en el apartado 1 de la rtículo 166 y en el presente artículo, al Pleno de la corporación antes del día 15 de octubre para su aprobación, enmienda o devolución.”

INFORME

Primeiro.- Concepto e contido dos orzamentos xerais.

Concepto: De acordo co establecido no artigo 162 do TRLRFL, os orzamentos constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus organismos Autónomos, e dos dereitos que se preven liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións dos ingresos e gastos das Sociedades Mercantís de capital íntegro pretencente á entidade local correspondente.

Contido: En base ó previsto no artigo 164 do TRLRFL , en concordancia co artigo 5 do RD 500/90, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integrarán:

- a) O Orzamento da propia entidade.
- b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.
- c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís de capital íntegro local.

En canto ó contido propiamente dito, a normativa establece (artigo 165 TRLRFL e 8, 9 do RD500/90) que o Orzamento Xeral conterá para cada un dos orzamentos que o integran:

- Os estado de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigacións.
- Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modifica-lo lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas do preceptuado para o Orzamento.
- Anexos: O Orzamento Xeral uniranse como anexos (artigos 166 TRLRFL e 12 do RD500/90):
 - 1.Os plans e programas de inversión e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formula-los municipios e demais entidades de ámbito supramunicipal.
 - 2.Os programas anuais de actuación, inversións e financiamento das Sociedades Mercantís de capital social total ou maioritario de titularidade da Entidade Local.
 - 3.O estado de consolidación do orzamento da propia Entidade co de tódolos orzamentos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.
 4. O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ó inicio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ó longo do mesmo e do volume de endebedamento ó peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ó mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

Formación e documentación: Tendo en conta o previsto no artigo 168 do TRLRFL en concordancia co establecido no artigo 18 do RD500/90, o Orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e ó mesmo haberá de unirse, para a súa elevación ó Pleno, a seguinte documentación:

- Memoria suscrita polo Presidente explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do mesmo, suscritas, unha e outra, polo Interventor e confeccionadas conforme dispón a Instrucción de Contabilidade.

-Anexo de personal da Entidade Local, no que se relacionen e valoren os postos de traballo existentes na mesma, de forma que se de a oportuna correlación cos créditos para personal incluídos no orzamento.

-Anexo das inversións a realizar no exercicio, suscrito polo Presidente e debidamente codificado.

-Informe económico-financiero no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atende-lo cumprimento das obrigacións esixibles, e os gastos de funcionamento dos servizos, e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

O Orzamento de cada un dos Organismos Autónomos integrantes do Xeral, proposto inicialmente polo órgano competente dos mesmos, será remitido á Entidade local da que dependan antes do 15 de setembro.

A estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos adoptada polo Orzamento obxecto deste informe, axústase ó disposto na OEO dictada en cumprimento do artigo 167 do TRLRFL.

Polo que se refire ós ANEXOS, incorpóranse os seguinte:

O Estado de Previsión e movementos de situación da débeda, comprensiva do detalle das operacións de crédito pendentes de reembolso ó principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ó longo do exercicio e do volume de endebedamento ó peche do exercicio económico, distingúndose entre operacións de crédito a longo e curto prazo.

No referente á DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA, a unir ó orzamento da entidade, estímase que se incorpora a documentación esixida pola Lei.

Memoria suscrita polo Presidente, explicativa do seu contido e das principais modificacións. Liquidación do orzamento do 2009, e avance da liquidación do 2010.

Anexos de personal, tanto de funcionarios como de personal laboral, incluíndo as retribucións por dedicacións exclusivas.

Anexo de Inversións, suscrito polo Presidente e debidamente codificado.

Informe económico- financeiro, no que se fai referencia ós aspectos citados no artigo 18 do RD500/90.

O proxecto así conformado constitúe o estado sobre o que debe de recaer o acordo único do Pleno da Corporación, non sendo posible a aprobación separada de cada un deles, de acordo co establecido no 168.5 do TRLRFL.

Segundo.- Procedemento de aprobación do Orzamento Xeral da Corporación.

O procedemento de aprobación do Orzamento Xeral da Corporación regúlase nos artigos 168 e seguintes do TRLRFL, así como nos artigos 18 e seguintes do RD500/90.

Neste senso, o procedemento pódese resumir do seguinte xeito:

Incoación.- A incoación do expediente corresponde ó Presidente da Corporación. Así o Artigo 18.4 do RD500/90 determina que, sobre a base do orzamentos e estados de previsión o Presidente da Entidade formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria antes do 15 de outubro para a súa aprobación inicial, enmenda ou devolución.

Aprobación inicial.- En base ó previsto no artigo 18.5 do RD500/90, o acordo de aprobación, que será único, terá que detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente, salvo no caso dos correspondentes a organismos que se creen unha vez aprobado aquel. Esta aprobación inicial pol Pleno, require previo dictame da Comisión Informativa de Facenda, xa que tal e como establece o artigo 123.1 do ROF, as Comisións Informativas, integradas exclusivamente polos membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación. Por outra banda, para a válida adopción do acordo requírese maioría simple dos membros da presente (art. 47.1 da LBRL).

Información pública.- En canto á información pública, o artigo 20 do RD500/90 determina que o acto de aprobación provisional do Orzamento Xeral, sinalando o lugar e data inicial do cómputo do prazo de exposición ó público, anunciárase no Boletín Oficial da Provincia e simultaneamente porase a disposición do público a correspondente documentación por un prazo de 15 días hábiles.

Reclamacións.- Durante o prazo de exposición ó público, o orzamento poderá ser reclamado polas personas interesadas previstas no artigo 22.1 do RD500/90 e polos motivos previstos no apartado 2 do mesmo artigo.

Aprobación definitiva.- O Orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o periodo de exposición pública non se presentaran reclamacións. No caso de que se formularan reclamacións, éstas deberán de resolverse polo Pleno da Corporación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á finalización do prazo de exposición ó público e as reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, de non resolverse o acto de aprobación definitiva. A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación realizarase antes do día 31 de decembro do ano anterior ó exercicio en que deba de aplicarse, nembargantes, admítase a prórroga orzamentaria (artigo 21 do RD500/90) no caso en que no se produza a aprobación no prazo indicado.

Publicidade.- O Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, con ou sen modificacións sobre o inicial, publicarase, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez se dera cumprimento a tal requisito (art. 20.3 e 20.5 do RD500/90).

Comunicación a outras Administracións Públicas.- En base ó previsto no artigo 20.54 do RD500/90, do Orzamento Xeral debidamente aprobado, remitírase copia á correspondente Comunidade Autónoma e á Dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que éste determine. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.-Suficiencia dos créditos para facer fronte ó cumprimento das obrigacións.

A cuantificación dos créditos orzamentarios debe realizarse partindo das seguintes premisas:

En canto ó capítulo 1 (Gastos de personal), este capítulo é anáлизado nun apartado específico do presente informe.

En canto ó Capítulo 2, no que se recollen os créditos previstos para gastos correntes, inclúese consignación para afrontar as obrigas derivadas dos contratos de suministro ou servicios que ten suscritos o Concello de Fene así como para a execución de novos gastos non previstos no exercicio anterior e que se describen na memoria da Alcaldía. Neste capítulo orzaméntanse créditos para a cobertura dos gastos comprometidos en exercicios anteriores, e que, polo tanto, resultan de obrigada consignación, en particular os contratos administrativos ou privados cuxas anualidades de execución exténdense ó ano 2010.

Os créditos consignados para atender o gasto en bens correntes e servicios, experimentan un incremento de 4.094.678,58 € o que representa un 7,95% mais con respecto ós créditos do orzamento de 2008.

Advertir que considerando a información da liquidación do exercicio 2009, na que as obrigas recoñecidas netas importaron 3.560.330,30€ así como que o importe consignado para o ano 2010 é de 4.094.678,58 € €, pode considerarse que, a priori, esta consignación, sempre e cando se leve a cabo un control adecuado do gasto público, estímase suficiente para atender ás obrigas que se deriven dos ditos gastos. En todo caso, deberá darse estrito cumprimento ao sinalado nas bases de execución respecto da regulación das propostas de gasto cando estes superen a contía de 300,00 euros.

Segundo se informa pola Alcaldía, non se prevé a consignación no proxecto de orzamentos que agora se informa os créditos necesarios para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial das facturas que a 31 de decembro quedaron pendentes de aprobación e que, segundo consta a esta Intervención segundo datos da contabilidade municipal, importarían 1.020.299,98 €. As facturas pendentes de aprobación correspóndense, casi na súa totalidade, con gastos correntes do capítulo 2. No suposto de que se decida a súa aprobación será necesario tramitar o oportuno expediente modificativo de crédito.

Neste sentido recordar o xa informado por esta Intervención no informe á liquidación do orzamento do exercicio 2009 no que se indicaba, entre outros, no apartado de conclusións que: *“3.-A existencia dunha importante débeda fóra do orzamento, como consecuencia das obrigas firmes contraídas pola Corporación que non teñen acollida nos orzamentos municipais, e, en consecuencia, están pendentes de recoñecemento polo órgano competente.”* *“2.- A ausencia de control do gasto o que se deriva dun importante débeda con provedores a fin do exercicio. Tal e como veu advertindo esta Intervención, e dacordo co determinado nas BEO, sería necesario realizar un estrito control do crédito existente en cada partida orzamentaria mediante o sistema de propostas de gasto antes de levalos a cabo sen coñecer se realmente existe consignación para os mesmos.”*

Neste punto debe recordarse que o artigo 173.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Fachendas Locais sanciona con nulidade de pleno dereito de tódolos acordos, resolucións e actos administrativos que supoñan a adquisición de compromisos de gastos por importes superiores ós dos créditos autorizados no orzamento de gastos. Aínda que a xurisprudencia do T.S. recolle a obrigatoriedade de facer fronte a estes gastos para evitar o enriquecemento inxusto por parte da Administración, debe recordarse que éste é un mecanismo excepcional, polo que se reitera a importancia do control do gasto a realizar no exercicio para non exceder os créditos aprobados.

Polo tanto, e na medida en que o RLTGX resulta insuficiente para facer fronte a tódolos gastos que a 31/12/2009 quedaron pendentes de imputación ó orzamento, por esta Intervención recoméndase realizar unha economía no gasto corrente no exercicio para poder facer fronte, previa modificación de crédito, os gastos pendentes a 31/12/2009 que non poderán ser financiados co RLTGX.

No Capítulo 3 e 9 prevense os créditos necesarios para afrontar os gastos financeiros e de amortización da débeda, derivados dos intereses e amortización das operacións de crédito e de tesourería en vigor, nos termos detallados no Estado da Débeda que forma parte do proxecto de orzamento que agora se informa.. O criterio adoptado para a previsión da contía dos mesmos é prudente, tendo en conta a natureza das operacións e a volatilidade dos tipos de xuro. No tocante á nova operación prevista no orzamento e por importe de 463.705,85€ non se consigna ningunha cantidade en concepto de amortización debido ó período de carencia da mesma fixado nun ano polo que durante o exercicio 2010 actuará como póliza de crédito. No caso dos xuros derivados desta operación de crédito, e tendo en conta a súa

previsible non non disposición ata fin de exercicio (segundo se manifesta pola Alcaldía), motivan a non consignación de ningún crédito para esta finalidade polo que no caso de que se producira unha alteración na súa disposición sería necesario tramitar o oportuno expediente modificativo de crédito.

A nova operación de endebedamento proxectada de 463.705,85 producirá unha carga financeira adicional teórica de 45.256,55 €/ano, unha vez finalizado o seu periodo de carencia o que implicará, en definitiva, un crecemento do volume de endebedamento.

O Capítulo 4 inclúen os gastos destinados a transferencias correntes e de capital a institucións, empresas, asociacións, grupos políticos e emerxencias sociais, etc..

As transferencias correntes minóranse nun 31%.

Finalmente, é necesario poñer de manifesto que, cando se leve a cabo a execución dos créditos destes capítulos e, polo tanto, a asignación efectiva dos fondos deles derivados, esta execución deberá axustarse ó previsto na Ordenanza Xeral de subvencións e Bases de Execución do orzamento e normativa de desenvolvemento.

En canto ós gastos de investimentos, recóllense no Capítulo 6, e aparecen detallados no Anexo de Investimentos que se adxunta ó proxecto, no que se detallan, ademais, os medios de financiamento dos mesmos.

Os investimentos municipais sitúanse en 1.442.768,59€.

Cuarto.- Análise do estado de ingresos.

Os ingresos totais previstos ascenden a 11.000.315,68 euros, estando explicadas e xustificadas as previsións dos diferentes conceptos no informe económico financeiro que forma parte do proxecto de orzamento en estudio.

En todo caso debe matizarse que a estimación dos recursos económicos, está fundamentada nos seguintes aspectos:

- Comparativa das previsións iniciais- dereitos liquidados no exercicio 2009.
- Os incrementos do tipo de gravame dos diferentes tributos e precios públicos.
- O importe fixado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2010 como participación das Corporacións Locais nos tributos do Estado e o incremento mínimo a garantir para tódalas entidades locais.
- O importe fixado na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia como Fondo de Cooperación Local.
- As previsións de novos créditos a concertar para financiar investimentos.

Polo que respecta á clasificación dos ingresos, os ingresos correntes representan o 87% do total.

Observacións ás previsións de ingreso do orzamento.

1.- Cúmrese formal e efectivamente co principio de nivelación orzamentaria. O proxecto de orzamentos non presenta déficit formal inicial e cumpre co previsto no art. 165.4 do TRLRFL:

- Ingresos ordinarios:9.515.430,66 € (ingresos correntes).
- Gastos ordinarios: 9.496.247,09 €

2.-O imposto de construción, instalacións e obras. Indicar que, en todo caso, deberíase prestar especial atención á posibilidade de practicar liquidacións definitivas no imposto sobre construcións, instalacións e obras xa que, segundo consta a esta Intervención, estas liquidacións non se están realizando o que pode implicar unha perda económica importante para as arcas municipais.

3.-En canto ás previsións de ingresos correntes, particularmente as relativas a transferencias procedentes de outras Administracións Públicas, son de difícil estimación, polo que no caso de incumprimento destas previsións non se conseguiría unha efectiva nivelación orzamentaria e só formalmente se aprobaría o orzamento sen déficit inicial.

En todo caso, advertir que a xuízo desta Intervención a consignación no concepto de transferencias correntes da Xunta de Galicia debería responder a unha previsión máis prudente, e elo aínda que no informe económico financeiro se xustifica a consignación para este exercicio, tendo en conta a realidade dos exercicios anteriores, en aras á garantía do cumprimento do equilibrio orzamentario real.

Por outra banda, e tendo en conta as previsións orzamentarias en gastos e ingresos, enténdese que aínda que formalmente queda garantido o principio de nivelación orzamentaria, a corporación municipal debería adoptar medidas necesarias para reforzar e incrementar os ingresos por sancións e outros ingresos, así como adecuar as taxas e prezos públicos ó custe dos servizos, coa finalidade de ter unha estrutura de ingresos que dea sustento ó crecente incremento dos gastos correntes.

4.-En canto ós ingresos de capital estes representan un 13% sobre o total das previsións totais de ingresos do Orzamento. Estes ingresos teñen igualmente carácter afectado nos termos definidos no artigo 173.6 do TRLRFL.

Quinto.- Gastos de personal

Os gastos de personal experimentan unha minoración do 1% con respecto ó ano 2008. Sen embargo, as cifras globais do crédito orzamentario, comparadas coas do capítulo I do orzamento anterior non representan xustamente ese incremento, xa que non son homoxéneos os dous periodos de comparación ó existir prazas de nova creación e outras obxecto de amortización.

Polo que se refire ás consignacións suficientes e adecuadas para satisfacer as obrigas derivadas do dito capítulo os cálculos realizados cumpren co sinalado na LOXE 2010 así como coa modificación levada a cabo nela polo RDL8/2010.

Igualmente, prevese un incremento, redución a partir do 1 de xuño de 2010, da masa salarial do personal laboral co fin de aplicar ó mesmo un incremento/redución similar á que resulta para os funcionarios públicos nos termos esixidos pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, recentemente modificada polo RDL8/2010.

Por outra banda, e en canto ó establecemento de produtividade para o personal funcionario e laboral, esta Intervención quere manifestar o seguinte. No tocante ó complemento de produtividade do personal funcionario esta Intervención xa manifestou en informe nº 225/2008 que “Por tanto, puede concluirse, a juicio desta Intervención, que la asignación de unas precepciones fijas como complemento de productividad contraviene los artículos 5 y 7 del Real decreto 861/1986, de 25 de abril, por lo que no se ajusta a la normativa vixente desvirtuando en definitiva el sentido de tal complemento, no resultando formalmente correcto la inclusión de estas cantidades en la nómina.”

Así, o anexo de personal refexa unhas asignacións de complemento de produtividade para cada posto de traballo, o cal é legalmente posible pero sempre e cando a distribución do citado complemento se realice polo Alcalde previa valoración dos criterios de distribución que debería fixar o Pleno corporativo e sempre e cando existira unha valoración previa dos postos de traballo. En definitiva, non é posible a asignación dun complemento de produtividade de forma automática na nómina do personal funcionario.

A anterior consideración, conxugada coa previsión de equiparación retributiva para o personal laboral ós postos equivalentes de personal funcionario recollida no Convenio de personal laboral implica a asignación ó citado personal dun complemento de produtividade con carácter fixo e mensual, complemento que como tal non figura con esa denominación nas nóminas, pero que na práctica resulta ser un complemento de produtividade. Respecto a esta cuestión, en primeiro termo debe sinalarse o distinto réxime xurídico que os conceptos retributivos do personal funcionario e laboral teñen na actualidade. O primeiro ríxese polo Estatuto Básico do Emprego Público, mentras que o segundo faino polo Estatuto dos Traballadores que se refire a soldo e outros conceptos retributivos. Os tribunais veñen confirmando que o réxime retributivo do personal laboral non pode ser unha copia do funcional.

Agora ben, se o que se quere é establecer un concepto retributivo para o personal laboral que valore o rendemento, que incentive a produtividade, este evidentemente non poderá ser fixo, senón que, ó igual que se puxo de manifesto para o personal funcionario, en primeiro termo, deberán establecerse os indicadores ou criterios que determinen a súa procedencia e contía, e posteriormente verificar o cumprimento dos mesmos a efectos de resolver a procedencia ou non en cada caso particular.

En conclusión, e polo que respecta ó personal funcionario e laboral, pode establecerse unha asignación global para produtividade do personal dacordo co anterior e sempre e cando non se supere o incremento da masa salarial permitido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, polo tanto esta Intervención estende a recomendación de proceder á adecuación desta cuestión coa maior brevidade posible.

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2010 prevé no seu artigo 23.1, de carácter básico, que “Durante el año 2010, el número total de plazas de nuevo ingreso del personal del sector público delimitado en el artículo anterior será, como máximo, igual al 15 % de la tasa de reposición de efectivos y se concentrará en los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales. Dentro de este límite, la oferta de empleo público incluirá los puestos y plazas desempeñados por personal interino, contratado o nombrado en el ejercicio anterior al que se refiere la letra a) del apartado 1 del artículo 10 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, excepto aquellos sobre los que exista reserva de puesto, o estén incurso en procesos de provisión.”. Continúa decindo que a limitación non será de aplicación ós concellos cunha poboación inferior a 50.000 habitantes.

O anexo de personal recolle a amortización dunha praza de personal laboral fixo: xestor do museo do humor e así como unha nova praza de policía local.

Polo que respecta ó personal laboral, no cadro de personal, increméntase a xornada (pasando a xornada completa) a seis auxiliares de axuda no fogar e 8 peóns/encargados de limpeza de edificios municipais todo elo segundo o acordado na reunión da mesa negociadora celebrada o 30/11/2009, cuxa proposta asinada pola ALcaldía. é a que se somete a aprobación.

No tocante a esta ampliación do Cadro de persoal para o ano 2010, debe terse en conta o art. 126.2 TRRL, que establece o seguinte: “ 2. *Las plantillas podrán ser ampliadas en los siguientes supuestos:*

a) Cuando el incremento del gasto quede compensado mediante la reducción de otras unidades o capítulos de gastos corrientes no ampliables.

b) Siempre que el incremento de las dotaciones sea consecuencia del establecimiento o ampliación de servicios de carácter obligatorio que resulten impuestos por disposiciones legales.

Lo establecido en este apartado será sin perjuicio de las limitaciones específicas contenidas en leyes especiales o coyunturales”.

Afirmado o anterior, e xa centrándonos no obxecto da proposta, isto é, ampliación da xornada laboral debe indicarse que neste caso plantéxase a ampliación a persoal laboral fixo e temporal, debe advertirse, en primeiro termo, que a modificación plantexada supón un incremento retributivo superior ó permitido pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2010.

Por outra banda, o feito de que as traballadoras con contratos temporais, ben dende un primeiro momento , ou ben como consecuencia de diversos contratos sucesivos continúan desempeñando o mesmo posto de traballo desde hai varios anos- en algúns casos moitos- evidencia, que responden a necesidades permanentes, polo que nos casos dos contratos temporais estase a encubrir unha contratación indefinida. prohibida expresamente polo artigo 10.4 do Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia.

Polo exposto, de atoparse xustificada obxectivamente a necesidade, o Concello está obrigado legalmente a cubrir as prazas que obecezan a necesidades permanentes seguindo os procedementos legalmente establecidos dacordo cos citados principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, previa inclusión das mesmas na oferta de emprego público e posterior proceso selectivo, xa que o artigo 10 do real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia dispón que a Administración non poderá converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal.

En atención ao exposto, ao non ter parte das traballadoras ás que se refire a proposta da Alcaldía a condición de persoal laboral fixo, infórmase que non se axusta á legalidade a ampliación da xornada laboral que se propón. En todo caso, de obedecer a necesidades permanentes, o procedente é a inclusión das prazas en oferta de emprego público(previa a modificación da plantilla de persoal) e a provisión das mesmas a través dos procedementos legalmente establecidos, dando cumprimento aos principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como ao de publicidade.

Por outra banda, en relación co tema da creación e supresión de postos no proxecto de orzamentos, é necesario poñer de manifesto que o Concello non conta con Relación de Postos de Traballo, que debería ser formada dacordo co previsto no artigo 90.2 da Lei 7/85, e a través da cal deberían levarse a cabo as creacións, supresións e modificacións dos postos de traballo, e na que se deberían concretar os requisitos para o desempeño dos postos, funcións e consecuentemente a valoración económica e non a través do anexo de persoal do orzamento (que non é mais que un reflexo orzamentario da valoración económica dada a un posto) .Trátase pois dun instrumento de especial importancia para a xestión de todos os expedientes relativos ó persoal municipal que debe ser elaborado e aprobado con urxencia..

Polo tanto resultaría mais adecuado esperar á elaboración deste documento e a partir deste momento levar as tarefas de creación, supresión e modificacións dos postos de traballo.

No referente á plantilla do personal, debe ser aprobada, a través do Orzamento a plantilla de persoal que comprenda todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. Remítase a esta Intervención a proposta específica para a aprobación e ampliación da Plantilla de personal no exercicio 2010. Unha vez aprobada definitivamente, deberá remitirse copia á Administración Xeral do Estado e Comunidade Autónoma, sen perxuício da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia xunto co resume do orzamento.

En relación coa plantilla cuxa aprobación se somete a consideración, esta Intervención considera necesario advertir o seguinte:

6.1.- Polo que respecta á plantilla de funcionarios de carreira, sinalar que figura na Escala de Administración Especial, subescala técnica, técnicos medios, a praza de técnico/a prevención riscos laborais Seguridade e Saúde, como vacante. Dita praza figuraba tamén como vacante, alomenos nas plantillas dos exercizos 2005, 2006, 2007 e 2008, sen que fôse a mesma incluída en oferta de emprego público (nos exercizos 2006, 2007 e 2008 non ten constancia esta Intervención da súa aprobación). En relación a dita praza, tal e como se informara pola Secretaría no informe emitido en data 17 de decembro de 2007, cómpre sinalar que dito posto atópase provisto accidentalmente en comisión de servicios por un funcionario deste Concello do grupo E. En relación a esta comisión de servicios, infórmase que a mesma non se axusta á normativa vixente por canto o artigo 64 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, ao sinalar os requisitos para a cobertura dun posto en comisión de servicios establece que sexa por un funcionario que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño na relación de postos de traballo, dentro dos que debe incluírse, a xuízo desta Intervención, o do grupo correspondente e neste caso o funcionario para o cal se lle conferiu dita comisión pertence ao grupo E, resultando que a praza que ocupa en comisión de servicios é do grupo B. Por outra banda tamén incúmplese o prazo máximo de duración das comisións de servicios contido no apartado 3 do citado artigo, que fixa unha duración máxima dun ano prorrogable por outro

Polo tanto, procede a adecuación desta situación á legalidade poñendo fin, previa a tramitación do correspondente procedemento, á comisión de servizos conferida e proceder (dado que a inclusión novamente na plantilla da praza como vacante parece evidenciar que a Corporación considera que a mesma obedece a necesidades permanentes) a inclusión de dita praza na oferta pública de emprego e proceder a súa provisión a través dos procedementos legalmente establecidos, dacordo cós principios constitucionais que rexen o acceso á función pública de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Cómpre asimesmo, sinalar que tal e como se informara pola Secretaría en anteriores informes, outro funcionario de carreira se atopa en comisión de servizos nun posto de conserxe, e se ben neste caso cúmprese có requisito do grupo, a dita comisión de servizos excede tamén do prazo máximo de duración destas, polo que procede, previa a tramitación do procedemento pertinente, poñer fin a dita comisión de servizos.

Por outra banda, cómpre sinalar que foi nomeado un funcionario interino no ano 2009, na que o proceso da cobertura interina se realizou *“ata que desaparezan as causas que motivaron a presente selección (acumulación de tarefas ou creación da citada praza).”* Tal e como figura na resolución da ALcaldía nº 704/2009 de 09/09/2009.

En relación co anterior, recordar que o artigo 10 do EBEP establece que:

“1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- 1. La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.*
- 2. La sustitución transitoria de los titulares.*
- 3. La ejecución de programas de carácter temporal.*
- 4. El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses”*

Tendo en conta os supostos que enuncia o citado artigo para proceder ó nomenamento interino, no caso presente, o nomeamento motivase en dúas causas das enumeradas no art. 10.1 EBEP: acumulación de tarefas e existencia de prazas vacantes. A xuízo da informante, as causas do artigo 10.1 non son causas non acumulativas, polo que a selección deste personal infrinxe a legalidade vixente debendo a Corporación revisar de oficio o citado acto ó estar incurso nun suposto de nulidade (contido imposible por non existir praza vacante na plantilla, art. 62 LRXPAC) e proceder a regularizar esta situación creando a praza na plantilla e incluíndoa na oferta de emprego público.

6.2.- Polo que respecta ao persoal laboral temporal relacionado na plantilla , e coas limitacións que se derivan do feito de que por insuficiencia de medios persoais con que conta esta Intervención non resulta posible realizar un exame exahustivo de todos e cada un dos contratos de traballo subscritos con tódolos traballadores, non obstante, cómpre sinalar o seguinte:

En primeiro termo, e tal e como se veu advertindo pola Secretaría e Intervención en diversos informes, detentáronse varias irregularidades na contratación, prórrogas de dito persoal. En este sentido, é de advertir que a utilización de fórmulas contractuais , tales como contratos para obra ou servizo determinado, sen que, en moitos dos casos analizados do obxecto dos contratos se desprenda que a/o mesma/o teña autonomía ou substantividade propia dentro da actividade normal do Concello , o que supón unha infracción da normativa reguladora destes tipos de contratos , e en algúns casos- dado que moitos traballadores, ben dende un primeiro momento , ou ben como consecuencia de diversos contratos sucesivos continúan desempeñando o mesmo posto de traballo desde a súa contratación e desde hai varios anos- en algúns casos moitos- evidencia que poden responder a necesidades permanentes, polo que baixo esa modalidade contractual pode estarse a encubrir unha contratación indefinida, prohibida expresamente polo artigo 10.4 do Real decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia.

Por outra banda, agás algunha excepción, na maior parte dos casos examinados, os contratos de traballo entre o Concello e os/as traballadores/as subscibíronse sen que , con carácter previo se tivese realizado un proceso selectivo nos que se garantizasen os principios constitucionais de acceso ao emprego público , de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, eficacia da actuación da Administración pública ao servizo dos intereses xerais.

Polo tanto, o feito de terse subscrito contratos de traballo polo Concello sen que, con carácter previo se tivese realizado un proceso selectivo nos que se garantizasen os citados principios supón unha moi grave infracción do ordenamento xurídico , infrinxe a legalidade resultando ademáis que , ao non terse realizado os preceptivos procesos selectivos dacordo cós meritados principios, non consta acreditada a capacidade e mérito do persoal para o desenvolvemento das respectivas funcións.

Debe tamén advertirse que estáanse a desenvolver funcións por persoal laboral que están reservadas a funcionarios públicos, o que supón unha infracción do disposto no artigo 9.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, precepto éste que establece que *“ En todo caso el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de potestades públicas o en la salvaguarda de los intereses generales del Estado y de las Administraciones públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la Ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca”* e do disposto no artigo 167 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (precepto éste que ten carácter básico), polo que únicamente o persoal de oficios, é dicir, os que realicen tarefas de carácter predominantemente manuais, nos diversos sectores de actuación das Corporacións locais, referidas a un determinado oficio, industria ou arte, pode non ter a condición de funcionario, é dicir, pode ser persoal laboral. O resto, a xuízo desta Intervención, teñen que ser funcionarios.

Exposto canto antecede, e á vista das irregularidades detectadas nas distintas contratacións laborais que, polas limitacións antes expostas, podéronse examinar, debe advertirse que determinadas relacións laborais temporais, por efecto destas anomalías, poden terse convertido en indefinidas(en algúns casos indefinidas discontinúas). Non obstante, como veremos seguidamente, tal actuación nin equipara a estos contratos aos de fixos en plantilla, nin exonera ao Concello ao cumprimento da obriga legal e constitucional de cubrir estas prazas mediante os procedementos legalmente establecidos. Neste sentido se pronuncia a Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de outubro de 1996, realizando unha interpretación integradora da lexislación laboral e administrativa, declara que *“ la contratación laboral en la administración pública al margen de un sistema adecuado de ponderación de mérito y capacidad impide equiparar a los demandantes a trabajadores fijos en plantilla, condición ligada a la contratación por el procedimiento reglamentario, sin perjuicio de su consideración, en su caso, como trabajadores vinculados por un contrato de trabajo por tiempo indefinido”*.

O que non aclaraba esta doutrina xurisprudencial era a distinción entre o carácter indefinido do contrato e a fixeza en plantilla, así como as súas consecuencias. Delo se ocupa a Sentencia do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 1998 que declara *“ El carácter indefinido del contrato implica desde una perspectiva temporal que éste no está sometido, directa o indirectamente a un término. Pero esto no supone que el trabajador consolide, sin superar los procedimientos de selección, una condición de fijeza en plantilla que no sería compatible con las normas legales sobre selección de personal fijo en las Administraciones Públicas. En virtud de estas normas, el organiso afectado no puede atribuir la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que, por el contrario, está obligado a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esta provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato”*.

A partires destas consideracións, véñse insistindo pola xurisprudencia que o uso fraudulento das normas que regulan os contratos temporais non poden saldarse na Administración Pública na fixeza de plantilla, senón na consideración no nexo laboral como indefinido, vendo obrigada a Administración a cubrir estas prazas polo procedemento legal, se obedecen a necesidades permanentes do Concello ou, do contrario, a amortizalas, extinguindo os correspondentes contratos.

Polo exposto, entende a que subscribe procede que se realice unha reestructuración de plantilla, reducindo o persoal laboral temporal, estando legalmente obrigado o Concello a cubrir as prazas que obecezan a necesidades permanentes seguindo os procedementos legalmente establecidos dacordo cós citados principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, previa inclusión das mesmas na oferta de emprego público e posterior proceso selectivo. No seu defecto, no caso dos postos que a Corporación

considere non obedecen a necesidades permanentes, proceder a súa amortización todo elo sen prexuízo das responsabilidades en que se poidesen ter incurrido ao obviarse todo proceso selectivo garantizador dos principios de acceso ao emprego público anteriormente citados.

.Finalmente, e como consideración final, indicar brevemente, e todo elo aínda cando o obxecto de informe é a plantilla que se une ó orzamento (que contén prazas e non postos) e non a relación de postos de traballo, que actualmente existe situacións de personal que formalmente están adscritos a un determinado servizo pero que “de facto”, e sen acordo algún por parte dos órganos de goberno da Corporación, están desempeñando outros postos de traballo (inexistentes, por outra parte, ó non contar o concello con RPT), cobrando, non obstante, as retribucións do posto de orixe.

Polo que respecta ás adicacións exclusivas, as Bases de Execución do Orzamento detallan os importes para o exercicio 2010.

Igualmente, o proxecto de orzamentos que agora se informe contén os créditos para o abono duns “premios por antigüidade” para o personal de mais de 60 anos. Este tipo de retribucións discrepan da establecida na lexislación sobre función pública. Neste sentido as leis de orzamentos xerais do estado veñen reiterando tódolos anos a prohibición de percepción de ingresos atípicos.

En todo caso, danse por reproducidas no presente informe, todas aquelas consideracións que en materia de personal foi advertindo esta Intervención en diferentes informes dende a súa toma de posesión.

En canto ós límites previstos no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece el régimen de las retribuciones de los funcionarios de la administración local, os importes son os seguintes:

- a) Masa retributiva total personal funcionario : 2.311.445,93 €
- b) mporte retribucións básicas, axuda familiar e CD: 1.528.524,76 €
- c) Resultado (a-b): 782.921,17 €

	Límite legal	Contía orzamentada
Complemento específico (75%)	587.190,87	656.064,09 €
Productividade (30%)	234.876,35 €	160.119,98 €
Gratificacións (10%)	78.292,11 €	7.650,00 €

En conclusión, ponse de manifesto que existe un exceso do límite legal na contía consignada como complemento específico.

Sexto.- Estabilidade orzamentaria

Examinase con carácter independente con arreglo ao sinalado no artigo 16.2 RD 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, xeral de estabilidade presupostaría.

Séptimo.- Cálculo do aforro neto, volume de endebedamento e da carga financeira.

A carga financeira anual equivale á suma das cantidades adicadas en cada exercicio orzamentario ó pago de amortizacións, intereses e comisións de operacións de crédito formalizadas e dos avales concedidos, dos gastos financeiros estimados para as novas operacións de crédito proxectadas e da carga diferida derivada de operacións concertadas a tipos de xuro variables, en divisas ou con periodo de carencia.

O nivel de endebedamento é o resultado do cociente entre a carga financeira anual e os recursos ordinarios deducidos da última liquidación practicada.

Non obstante o anterior, a carga financeira, aínda cando pode axudar na interpretación e análise da saúde financeira da Corporación, xa non é un "ratio" ou indicador legal. Na actualidade, os indicadores legais son o aforro neto e o porcentaxe de capital vivo respecto dos ingresos correntes liquidados (cuxo límite é o 110%).

A porcentaxe de débeda viva, segundo datos da liquidación do exercicio 2009, sitúase actualmente no 29,20 % (< ó 110%).

En canto ó aforro neto, segundo datos da liquidación do exercicio 2009, este é positivo en 1.259.732,46€.

Non obstante, e tendo en conta que o orzamento prevé a concertación dunha operación crediticia por importe de 463.705,85 € para o financiamento dos investimentos relacionados no anexo de investimentos, estes dous parámetros, débeda viva e aforro neto, así como o análise da estabilidade orzamentaria, deberán ser novo obxecto de cálculo no momento de tramitar o expediente.

Octavo.- Bases de execución

As bases de execución que acompañan ó Proxecto de orzamentos conteñen as disposicións necesarias para a adecuada xestión do mesmo. As presentes bases conteñen modificacións substanciais en canto ó contido respecto das do exercicio anterior.

Nun dos anexos ás bases de execución dos Orzamentos figuran as subvencións nominativas a conceder no exercicio. Neste punto, é importante recordar que para un estricto cumprimento da legalidade, os departamentos xestores de ditos gastos deben de iniciar los trámites necesarios, no caso en que así sexa preciso, para a formalización dos respectivos convenios coas Asociacións e entidades sen ánimo de lucro beneficiarios das mesmas.

Décimo.- Nivelación orzamentaria.

O orzamento da corporación debe de presentarse sen déficit inicial, nivelado nos seus estados de gastos e ingresos.

Non soamente debe de cumprirse o principio de nivelación formal, consistente en que os ingresos totais sexan iguais ós gastos totais, senón que tamén é necesario cumprir co principio de nivelación dende o punto de vista económico-orzamentario (gastos correntes e amortización de préstamos: capítulos 1,2,3,4 e 9) non poden ser maiores ós ingresos ordinarios (ingresos correntes, excepto contribucións especiais e outros ingresos correntes extraordinarios). Este principio de nivelación económico-orzamentario sí se respeta.

Conclusións:

De acordo co anteriormente exposto, conclúese que:

1. O expediente contén os documentos e anexos esixidos polo RDL2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
2. A estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos adoptada polo proxecto de Orzamentos obxecto deste informe, axustase ó disposto na Orde sobre estrutura Orzamentaria /3565/2008, do 3 de decembro, dictada en cumprimento do artigo 167 do RDL2/2004.

3. O procedemento de aprobación é o descrito no apartado segundo do presente informe correspondendo a súa aprobación ó Pleno da Corporación por maioría simple.
4. O expediente preséntase fóra do prazo establecido no TRLRFL e RD 500/90 (art. 18.4).
5. Dáse cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria nos termos definidos pola Lei de Estabilidade.
6. No relativo ós gastos de personal faise unha remisión ó advertido no apartado quinto do presente informe nos aspectos analizados no mesmo de disconformidade.
7. De conformidade co artigo 172.6 do TRLFL, a dispoñibilidade dos créditos que teñen financiación afectada queda condicionada á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de achega, no caso de axudas, sibvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros. Isto implica que aquelas consignacións que amparen gastos con financiamento afectado estarán en situación de non dispoñibles en tanto non se confirme o ingresos polo ente concedente.
8. En canto, ó análise do estado de ingresos e á suficiencia dos créditos do estado de gastos, o proxecto de orzamentos contén, en termos xerais, as previsións razoables para atender as obrigas esixibles sempre que se leve a cabo un exhaustivo control e contención do gasto público, presentando, non obstante, unha previsión de parte dos seus dereitos de realización incerta, tal e como se expresou no presente informe nas observacións ás previsións de ingreso.
9. Insístese dende esta Intervención na necesariedade dun estricto control do gasto corrente e da súa redución ó imprescindible para o correcto funcionamento dos servizos, si se quere acadar o saneamento da Facenda Municipal, e todo elo coa finalidade de evitar que a 31 de decembro do exercicio queden obrigas pendentes de recoñecemento pola facenda municipal . E por elo polo que, si é vontade da Corporación o recoñecemento no exercicio actual das obrigas de exercicios anteriores, resultaría necesario aplicar unha forte redución do gasto corrente municipal, fundamentalmente daqueles que se corresponden a servizos públicos non esenciais nin básicos.
10. En todo caso, a actuación municipal en tódolos ámbitos deberase de axustar plenamente e sen excepción ós principio de economía, eficacia e eficiencia con sometemento pleno a Lei e ó Dereito (artigos 3.1 da Lei30/92; 6.1 da LRBRL e 5.1 do ROF)

En base a todo o manifestado, pero tendo en conta as salvedades das que se deixa constancia, infórmase o presente expediente orzamentario e sométese a consideración do Pleno da Corporación.

Fene, a 16 de xullo de 2010.

A INTERVENTORA MUNICIPAL

Asdo.-Marta Roca Naveira”

“INFORME DE INTERVENCIÓN ASUNTO.- AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2010

De conformidade co artigo 16 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade presupostaria, logo de examinar o orzamento xeral que para o exercicio 2010 formou a Alcaldía, se emite o seguinte INFORME:

1 CONSIDERACIÓNS LEGAIS

-Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria

-Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais

- Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria.

2 OBXECTIVO DE ESTABILIDADE

A estabilidade orzamentaria é un principio regulado no Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria. O artigo 2.1.d) inclúe ás entidades locais dentro do ámbito subxectivo de aplicación desta norma cuxo obxecto é establecer “os principios rectores aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público en orden á consecución da estabilidade e crecemento económicos, no marco da Unión Económica e Monetaria, así como a determinación dos procedementos necesarios para a aplicación efectiva do principio de estabilidade orzamentaria, de acordo cos principios do Pacto de Estabilidade e Crecemento, e en virtude da competencia do Estado respecto das bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica” (artigo 1 TRLEO).

A estabilidade presupostaria implica que de maneira constante os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Simplificando, o volume de débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante. Supón que nos presupostos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento –amortizacións) debe ser cero. De maneira máis rigorosa, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense por diferenza entre os importes presupostados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión o inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

2 ENTIDADES QUE COMPOÑEN O PRESUPOSTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1.d) do Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade presupostaria (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):

- Entidade Local: Concello de Fene
- Organismos Autónomos: O concello De Fene non conta con ningún organismo autónomo
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais. O Concello de Fene non conta con ningún destes entes públicos.
- Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 do TRLXEP, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).
- Sociedade Mercantil. O Concello de Fene non pose ningún tipo de participación nestas sociedades.

3 EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

O obxectivo de estabilidade orzamentaria nunha entidade local das características do Concello de Fene debe cumprirse na aprobación dos orzamentos, na súa execución así como na liquidación dos mesmos (art. 15.2 RD 1463/2007). Neste informe analízase a estabilidade orzamentaria en relación ao expediente de aprobación do orzamento xeral do concello para o exercicio 2010.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros presupostarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional,

corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiación do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. A normativa vixente sobre a estabilidade orzamentaria esixe a corrección desta magnitude de conformidade cos criterios do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Non obstante, isto é dificilmente aplicable no momento actual ao tratarse dunha normativa que saca todos os seus datos e magnitudes (dereitos recadados, gastos devengados, variacións de saldos, etc..) en sucesos consumados de imposible determinación na medida en que o orzamento do exercicio 2010 contén estimacións e previsións. Polo tanto, e sen prexuízo doutras posteriores interpretacións e instrucións que se podan dictar dende a Intervención Xeral da Administración do Estado, a valoración do principio de estabilidade orzamentaria realizarase sen efectuar axustes.

Coa estabilidade orzamentaria o que se persegue, en definitiva, é controlar o feito de que as entidades locais recurren ao endebedamento a longo prazo para o financiamento de investimentos, ou se es que recurren ao mesmo, que o fagan en menor medida que o importe que destinan nos seus orzamentos á amortización das operacións xa concertadas.

4 CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DO PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO PARA 2010.

En consecuencia, e seguindo o exposto no apartado anterior, para determinar a estabilidade orzamentaria do Concello de Fene deben compararse, en primeiro lugar, a suma das previsións dos capítulos 1 a7 do estado de ingresos coa suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, do seguinte xeito:

CAPÍTULO	PREVISIÓNS INICIAIS	CRÉDITOS INICIAIS
Capítulo 1	3.350.235,85	4.340.941,12
Capítulo 2	190.000,00	4.094.678,58
Capítulo 3	2.151.893,00	163.200
Capítulo 4	3.767.301,21	322.173,00
Capítulo 5	56.000,00	
Capítulo 6	0.00	1.442.768,59
Capítulo 7	961.179,77	1.300,00
SUMA	10.476.609,83	10.365.061,29

Capacidade de financiamento: 111.548,54€

Da comparación das previsións anteriores resulta un superávit orzamentario de 111.548,54 € en termos de capacidade de financiación e, polo tanto, enténdese cumprido o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O cálculo da estabilidade orzamentaria en función da relación existente entre os capítulos 8 e 9 dos estados de gastos e ingresos da o seguinte resultado:

CAPÍTULO	PREVISIÓNS INICIAIS	CRÉDITOS INICIAIS
8	60.000,00	60.000,00
9	463.705,85	469.113,06
SUMA	523.705,85	529.113,06

(Non se inclúen para o cálculo dentro dos créditos iniciais o importe da aplicación orzamentaria que reflicte a amortización adicional en aplicación do artigo 14 do RDL8/2010, de 20 de maio (106.141,33 €)).

Capacidade de financiamento: 5.407,21 €

Do resultado anterior segue poñéndose de manifesto que se segue a cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria. O importe total da amortización da débeda para o ano 2010 é de 469.113,06€, sendo pois este o límite para endebedarse do concello.

5 CONCLUSIÓNS

O Concello de Fene en base aos datos das previsións de ingresos e gastos do orzamento do exercicio 2010 cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95 e segundo o artigo 15.1 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais.

Artículo 15. Cumplimiento del objetivo de estabilidad.

1. Se entenderá cumplido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso, modificados, y las liquidaciones presupuestarias de los sujetos comprendidos en el artículo 4. 1 del presente reglamento, alcancen, una vez consolidados, y en términos de capacidad de financiación, de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, el objetivo individual establecido para cada una de las entidades locales a las que se refiere el artículo 5 o el objetivo de equilibrio o superávit establecido para las restantes entidades locales, sin perjuicio de lo dispuesto, en su caso, en los planes económico-financieros aprobados y en vigor.

Como xa se indicou anteriormente, non se levan a cabo axustes na determinación da estabilidade orzamentaria de cara á aprobación do orzamento inicial do concello. En todo caso, tales axustes sí procederán con ocasión do informe á liquidación do orzamento, por canto que nese momento xa teremos datos reais sobre a execución do mesmo.

Finalmente, advertir o xa reiterado por esta Intervención noutros informes (expedientes de modificación de crédito: crédito extraordinario e suplemento de crédito), onde se recordarse a necesidade de proceder á aprobación dun plan económico financeiro en tanto que da liquidación do exercicio 2008 resultou unha necesidade de financiación de 228.377,05 euros, cuestión que, a xuízo da que suscribe, podería afectar á autorización do órgano tutelar da Xunta de Galicia no caso de previsión da concertación dunha nova operación crediticia.

Fene, 16 de xullo de 2010
A interventora
Asdo.- Marta Roca Naveira”.

Consta no expediente informe de Secretaría que copiado literalmente di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

Asunto: proposta do Sr. Alcalde-Presidente relativa á aprobación inicial do presuposto municipal para o exercizo 2010 e aprobación inicial da plantilla.

Xustificación: artigo 177 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Previa: a presente nota informativa debe ser entendida coas limitacións propias que supón o escaso tempo que este informante tivo para a súa realización e especialmente coas limitacións derivadas do tempo que leva exercendo este informante a Secretaría neste

Concello que evidentemente, impiden un coñecemento completo e exhaustivo de tódolos expedientes dos empregados municipais.

Consideracións:

1ª O artigo 90.1 la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente a través do presuposto a plantilla que deberá conter tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, engadindo que as plantillas deberán responder ós principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan rebasar os límites que se fixen con carácter xeral. De forma semellante se expresa o artigo 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, norma que engade no seu artigo 127 que unha vez aprobada a plantilla e a relación de postos de traballo, remitirase copia á Administración do Estado e á da Comunidad Autónoma, dentro do prazo de trinta días, sin prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, xunto có resumen do presuposto.

2ª Productividade:

No Anexo de persoal figuran asignadas unhas cantidades como complemento de produtividade a cada funcionario. Esta distribución de carácter continuo e periódico no tempo non se axusta á natureza do concepto retributivo da produtividade que establece a lexislación vixente. Así o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración local, establece que a produtividade debe “retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo” e que “a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo.”. Tamén establece este artigo, entre outras consideracións, que “en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.”

É preciso un acordo que estableza e defina as circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo para poder determinar o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo que xustifique o complemento retributivo, para que sexa medible e comprobable a súa atribución ó funcionario que o preciba.

Por outra banda, o Pleno correspóndelle a determinación a través do orzamento da cantidade global destinada para este complemento (dentro dos límites do artigo 7 da mesma norma) pero non a distribución da contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento que lle corresponde ó alcalde.

Non se axusta polo tanto á legalidade a fixación do complemento de produtividade de forma periódica e fixa, asociada a tódolos postos e sen axustarse ós criterios legais de determinación e reparto.

Respecto do persoal laboral do Concello, cuxa equiparación retributiva aos postos equivalentes de persoal funcionario recóllese no Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Fene, é preciso dicir que para proceder a establecer un concepto retributivo que valore o rendemento e incentive a produtividade, éste non pode ser fixo senón que require a concurrencia de circunstancias excepcionais a semellanza do exposto para os funcionarios.

3ª Sinala o informe de Intervención sobre o proxecto de presuposto do orzamento de 2010 que “Iguamente, o proxecto de orzamentos que agora se informe contén os créditos para o abono duns “premios por antigüidade” para o personal de mais de 60 anos. Este tipo de retribucións discrepan da establecida na lexislación sobre función pública. Neste sentido as leis de orzamentos xerais do estado veñen reiterando tódolos anos a prohibición de

percepción de ingresos atípicos.” Compártese por esta Secretaría o criterio manifestado pola Intervención.

Compártense tamén por Secretaría as consideracións manifestadas no informe de Intervención sobre a proposta de aprobación dos presupostos para o 2010, en relación co apartado 6.1 relativo ás irregularidades en dúas comisións de servizo (unha no posto de Escala de Administración Especial, subescala técnica, técnicos medios, praza de técnico/a prevención riscos laborais Seguridade e Saúde e outra dun posto de conserxe).

Sinala o informe de Intervención sobre o proxecto de presuposto do orzamento de 2010: “Por outra banda, cómpre sinalar que foi nomeado un funcionario interino no ano 2009, na que o proceso da cobertura interina se realizou “ata que desaparezan as causas que motivaron a presente selección (acumulación de tarefas ou creación da citada praza).” Tal e como figura na resolución da ALcaldía nº 704/2009 de 09/09/2009.”

Esgotado o prazo máximo de acumulación de tarefas permitido pola lexislación (art. 10.1 d) do EBEP), e entendendo non axustado a legalidade a cláusula “creación da citada praza” cómpre advertir á Corporación que desta irregularidade pódense derivar prexuízos patrimoniais para o Concello.

4ª O anexo de personal recolle a amortización dunha praza de personal laboral fixo: xestor do museo do humor e unha nova praza de policía local.

Respecto da creación da praza de policía local cabe salientar que este Concello non ten aprobada unha RPT que é o instrumento axeitado para levar a cabo unha valoración e determinación do complemento específico da praza.

5ª Tráense a colación aquí as consideracións realizadas en distintos informes pola Secretaría nas que se advirten certas irregularidades:

1 As consideracións manifestadas pola Secretaría en informe de 1 de xuño de 2010 sobre a contratación laboral temporal de carpinteiro sen procedemento de selección previo que garanta os principios e esixencias constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

2 As consideracións realizadas no informe de 2 de xullo de 2010 sobre solicitude de excedencia para coidado dun familiar no que se sinala, entre outras consideracións, que “O Concello debería modificar a plantilla do persoal (aínda non conta este concello con RPT) e crear a praza que actualmente desenvolve a solicitante, praza que se deberá prover en dereito.”. Non se prevé a creación da sinalada praza.

3 As consideracións realizadas no informe conxunto de Secretaría e Intervención de 19 de xullo de 2010 sobre a ampliación de xornada laboral a determinados traballadores.

6ª Do exame dos expedientes de persoal laboral dos que tivo coñecemento esta Secretaría, ó marxe do manifestado no punto anterior, cómpre sinalar e advertir á Corporación:

1 Existe persoal laboral con contratos de duración determinada que prestan servizos que teñen un carácter permanente.

O artigo 15.3 establece que se presumirán indefinidos os contratos de duración determinada realizados en fraude de lei e o apartado 5 do mesmo artigo sinala que: os traballadores que nun período de trinta meses estivesen contratados durante un prazo superior a vinte e catro meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa (ou grupo de empresas segundo a redacción dada polo D.- lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo («B.O.E.» 17 xuño)), mediante dous ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos.

Este artigo resulta de plena aplicación ás administracións públicas, segundo reiterada xurisprudencia que aclara que nas administracións públicas non se pode falar de adquisición de firmeza na relación xurídico laboral senón que esta firmeza é preciso sexa adaptada ás

especialidades das administracións públicas por canto, ante todo, deben respetarse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso as funcións públicas, polo que, para o caso de que un tribunal advirta que na contratación temporal dunha administración pública se dan as circunstancias do artigo 15.5 débese falar de adquisición da condición indefinido ou como algún autor di fixo-indefinido- e que a provisión da praza do mesmo axustada a dereito –en resumo: creación a través da relación de postos de traballo, aprobación da oferta pública e utilización dos sistemas de selección - supurían unha causa xustificada de cese na relación laboral con ese traballador.

É preciso ter en conta que a administración non pode declarar a fixeza dunha relación laboral temporal na que concorren as circunstancias do artigo 15.5, senón que lle corresponde ós tribunais de xustiza, tal e como se desprende do artigo 10.4 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia - aplicable ao non reservado á lexislación do estado-sinala que “A Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal.”

A través das distintas prórrogas dos contratos laborais temporais ou mediante a continuidade dun contrato temporal no que concorre a situación que describe o artigo 15 do ET prodúcese un incumprimento dos principios de publicidade e concorrencia e concúlcanse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade que a lexislación básica reconece (artigo 1d o EBEP por exemplo); supón tamén incumprimento do principio en virtude do cal a Administración non pode ir contra os seus propios actos (adoptar decisións que supoñan o nacemento das circunstancias sinaladas no artigo 15.5 supón contravir o acordo inicial dunha contratación temporal ó “transformar” a relación xurídico-laboral sen un procedemento axeitado); implica un grave perxuízo económico que se deriva da conversión en indefinidos, toda vez que ditos traballadores non son fixos. Para o caso de que se modificase a plantilla de persoal –xa que non existe neste Concello o instrumento axeitado: a relación de postos de traballo-, sería preciso proceder á selección de persoal de conformidade cos principios de mérito, capacidade, igualdade e non discriminación. Si os traballadores que, tras a oportuna declaración xudicial do seu carácter de indefinidos, non son seleccionados, podería producirse graves perxuízos económicos para o Concello baixo a forma de indemnizacións no caso de considerarse despido improcedente, máis elevadas canto maior sexa o tempo traballado no Concello

2 Existen expedientes de persoal laboral contratado nos que non consta procedemento de selección, polo que se vulneran os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección do persoal ó servizo público. Esta ilegalidade ademais de ser contraria ós principios constitucionais que sustentan o réxime administrativo do Estado no tocante ó emprego público tamén supón que non se garanta a capacidade do persoal contratado o que pode vulnerar os principios de eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos e, en definitiva, a calidade na prestación dos servizos públicos ós cidadáns.

É o expoño na presente nota informativa, coas prevencións sinaladas na previa desta nopta, en Fene 26 de xullo de 2010.

O secretario
Jesús Tallón García”

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido manifesta que vai sintetizar a proposta que fai o goberno municipal a este Pleno dos orzamentos 2010. Prosegue dicindo que que o goberno presentou o primeiro borrador a toda a Corporación o 31 de xaneiro e dende entón, pasou un tempo dabondo para conseguir as condicións que lles permitiran traer con garantías a aprobación do orzamento a este Pleno; que dende o grupo de goberno se mantiveron reunións con tódolos grupos municipais, en concreto catro reunións co grupo municipal do BNG, tres co grupo municipal de

EU e unha reunión, a inicial, co grupo municipal do PP; que así mesmo, os orzamentos foron presentados ao conxunto do movemento veciñal e tamén se realizaron diferentes reunións coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa; continúa dicindo que en primeiro lugar, pensa que todo o mundo está de acordo en que se está nun contexto moi determinado, un contexto de crise económica xeral, unha crise que non só ocorre aquí se non que tamén no conxunto do sistema e que evidentemente, estes orzamentos se elaboran dentro deste contexto, e en todo caso, a posición do goberno municipal e a proposta deste orzamento pretende ser unha resposta axeitada a o contexto; que durante este período houbo unha variación do proxecto inicial que presentou este goberno, que variou en catrocentos mil euros e que tamén iso está en función das suxestións daqueles grupos políticos que non tomaron unha posición apriorística dende o principio senón que, a pesar de non compartir o que dicía o goberno, quixeron negociar e a facer posible, se é o caso, a aprobación política destes orzamentos, e concretamente, sinala o grupo municipal do BNG e o grupo mixto. Sinala que este orzamento ascende a doce millóns de euros, semellante ao do ano dous mil oito e prorrogado no dous mil nove.

Destaca o concelleiro que os ingresos deste orzamento reducíronse pola crise, sobre todo as recadacións do imposto de construcións que cae nun setenta por cento, que no dous mil oito se fixera unha proxección case setecentos mil euros e agora se está en cento noventa mil; que os orzamentos sofren unha redución importante debido a participación dos tributos do Estado que supón un vinte por cento de caída, que hai unha baixada de transferencias da Xunta de Galicia e porque outra parte hai que ter en conta que hai un acordo plenario de conxelación de taxas e impostos anterior. Aínda así o orzamento, ao seu modo de ver, é bastante equilibrado, de xeito que resolveron o problema da redución obxectiva dos recursos a través de dúas cuestións, unha, a partida do crédito e a segunda, recoller parte do Plan de Emprego e Sostibilidade, segundo Plan do goberno central que lles permitiu que parte dese Plan puidera ir destinado a gastos ordinarios, que é unha forma extraordinaria e excepcional, pero que con eses trescentos mil euros destinados a goastos correntes se equilibra o orzamento. Prosegue dicindo que no capítulo cuarto dos orzamentos, as transferencias, se manteñen o Fondo de Cooperación, Xunta e Deputación Provincial e os trescentos mil euros do Plan estatal; que hai unha baixada tamén no capítulo sétimo de transferencias de capital, así como hai unha aportación a maiores da Deputación que supón unha transferencia de cento noventa mil euros, que hai tamén unha diminución por parte da Xunta de Galicia, todo isto di o concelleiro, falando en termos comparativos co exercicio dous mil oito; que no Capítulo nove, en relación co crédito, eles coinciden co grupo municipal do BNG, pero que se prevé incrementar o creto ata catrocentos sesenta mil euros xa que se está nun endebedamento razoable do vinte e nove por cento, cando se permite un cento dez por cento.

Continúa o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira aludindo aos gastos e di que, no Capítulo primeiro, de persoal, supón case un corenta por cento do orzamento, é dicir, catro millóns trescentos corenta mil euros, que neste capítulo aplicaron os acordos coa Xunta de Persoal e cos funcionarios e evidentemente aplicouse o novo Decreto aprobado polo goberno en maio, o que significa que a partir de xaneiro houbo unha subida salarial das nóminas dos funcionarios e persoal laboral do tres por cento e a partir de xullo, co novo Decreto, unha redución tanto nos variables coma nos fixos e que se traslada ao orzamento; que se recolle unha ampliación de recursos para o plan de xubilación de cincuenta mil euros; que en canto aos horarios hai unha modificación e ampliación do horario laboral das traballadoras da limpeza que pasan de cinco horas e cuarto a sete e media, e que a idea é que sexa este propio persoal o que atenda a todo e que non se teña que subcontratar, agás en momentos puntuais de maior traballo ou baixas nos que se iría á subcontratación; que igualmente hai unha ampliación do horario das traballadoras do servizo de axuda no fogar que amplían os servizos tamén aos domingos e festivos; (neste intre incorpórase á sesión o concelleiro Edgar Antonio Vigo López); que tamén di que neste Capítulo de gastos hai unha conxelación nos

gastos de funcionamento da Corporación, nas dietas, das indemnizacións aos cargos públicos e os gastos de representación e axuda aos grupos municipais e tamén unha redución do salario do alcalde do sete por cento, segundo as recomendacións que fai a FEGAMP e da tenente de alcalde do seis por cento que máis ou menos é semellante ao dos funcionarios; que da oferta pública vaise crear unha praza de policía municipal, que foi o compromiso do goberno para implantar o servizo de policía nocturno.

Prosegue dicindo o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira que o Capítulo dous, gastos en bens correntes e servizos é o maior capítulo deste orzamento, con catro millóns noventa e catro mil euros, que hai unha pequena suba respecto ao ano dous mil oito a pesar da redución e diminución dos gastos dos órganos de goberno que esta suba, aparte das facturas eléctricas, entre outras, débese a que hai algúns aspectos que variaron coma é a factura do lixo que tivo unha subida, despois de que Sogama non recollese os voluminosos, de cincuenta e sete mil euros. Tamén di o concelleiro que hai un incremento nos gastos xurídicos dunha factura dun contencioso antigo que estaba aí e que o avogado gañou nos tribunais e que hai tamén un incremento, por aplicación da Lei da dependencia e a modificación do Plan, que se recolle nunha partida de sesenta e dous mil euros.

O concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira continúa dicindo que no capítulo de intereses hai unha diminución respecto ao ano dous mil nove e que nas transferencias concretas hai un pequeno axuste, pero que se manteñen nun nivel óptimo as subvencións nominativas ás sociedades, que chegan a un cómputo global de trinta mil euros, tamén as subvencións culturais por concorrencia competitiva, que ascenden a setenta e cinco mil euros, en cómputo global, e que as de concorrencia competitiva ás asociacións deportivas a oitenta mil euros, di que os servizos sociais, coa aplicación da Lei de dependencia supón un gasto de dous centos cincuenta e seis mil euros, que se amplía a cobertura a un maior número de persoas e que se manteñen as axudas á prevención e integración de familias, e que en liñas xerais, unha das características que queren subliñar neste orzamento, é que a pesar do contexto de crise a axuda social e aos seus recursos aumentan; tamén quere subliñar que o capítulo seis, de investimentos reais, ten un incremento, comparativamente falando co orzamento do ano dous mil oito, que supoñía o doce coma seis e agora suporá o trece coma oito por cento, é dicir, un millón catrocentos corenta e catro mil euros que teñen que ver, di o concelleiro, cunha inversión na adquisición dun novo programa de recadación para os servizos de Recadación e Intervención, co remate da obra do Parque do Sartego, coas obras importantes relativas ao POS 2010 e 2009 e o PCP; que hai tamén unha partida nova dedicada ao proxecto de abastecemento de auga a Magalofes que son corenta e cinco mil euros de partida anual e que tamén se atopan neste orzamento actuación en camiños coma son os de Carqueixo, Curuxeiros, saneamento de augas de Lubián e do camiño Catalán en a Tareixa, camiño da Vrea, Penedo, Campanario e no Penedo, alumbrado e reposición en Maniños, equipamento do Museo do Humor, a compra de banquiños do campo de fútbol e as obras de reparación da piscina municipal, a compra e colocación de proxectores no campo de fútbol e que tamén recolle obras de reparación en diversos camiños municipais cun monto de setenta e nove mil euros e a adquisición dalgún terreo para o Concello; di que neste capítulo está á marxe da inversión dun millón catrocentos mil euros que se contempla no Plan de Sostibilidade e Emprego do goberno central.

O concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira prosegue dicindo que en liñas xerais vai facer un resumo por áreas de funcionamento, e sinala que os órganos de goberno se formula unha redución do gasto de cento setenta mil euros que supón o dous con cero seis por cento do cómputo do orzamento global; que a débeda pública supón o seis con seis por cento e son setecentos vinte e sete mil euros; que en urbanismo se destina catrocentos corenta e seis mil euros, o que supón o tres con oitenta e sete por cento do orzamento; que en sanidade setenta e tres mil euros que é o cero setenta e seis por cento; en educación catrocentos vinte e dous

mil euros, oito con oitenta e catro por cento; en benestar dous millóns trescentos dezaseis mil euros, que supón a maior partida cun vinte e un con sesenta e un por cento; en infraestruturas un millón cento setenta e catro mil euros que é un dez con sesenta e sete por cento; en cultura cinco centos dez mil euros que é un catro con sesenta e catro por cento; en deporte oito centos sesenta e tres mil euros, que é un sete con oitenta e catro por cento; en medio ambiente dous centos corenta mil euros; en fomento do emprego cento corenta mil euros; en servizos sociais e prestacións sociais un millón e medio de euros que supón un trinta e tres por cento e en servizos de carácter xeral un millón dous centos vinte e un mil euros. Di, en resumo, que para eles é un orzamento que responde a unha situación de crise, no que se fai unha redución respecto ao orzamento do dous mil oito, recuperado a través do Fondo de Sostibilidade, e que importa un total de once millóns de euros e pensa que é un orzamento aceptable, neste contexto, para este Concello. Di que neste sentido, a súa teima é sempre de conseguir aumentar a capacidade de inversión, que se leva a cabo unha redución dos gastos neste orzamento, coma se pode ver en concreto nos órganos de goberno e que con estes orzamentos conséguese manter un nivel de actividade económica no Concello de Fene e determinouse un orzamento no capítulo seis de inversión real aceptable. Respecto do emprego, di o concelleiro que pensan que se pode facer algo, non só mantendo a actividade, senón que pretenden que todos os recursos que están destinados aos postos vacantes se destinen para un fondo de contratación individualizada de xente que está no paro e para facer obras tamén; di tamén que as obras de inversión están destinadas sobre todo as redes básicas de auga servizos e pavimentación de camiños. Tamén salienta a ampliación da cobertura dos servizos sociais e dos servizos de dependencia e considera que hai un mantemento axeitado, a pesar dos recortes, dos servizos culturais e deportivos e tamén das transferencias as entidades; que en canto aos servizos aínda pensan en melloralos, tanto a recollida de lixo coma o mantemento das zonas verdes e dos camiños, coa compra do novo tractor e de maquinaria, coa incorporación dun novo Policía Local e coa compra dun novo software de recadación; que en liñas xerais esta é a proposta que o goberno local propón a debate, e se é o caso, á aprobación polo Pleno.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG Manuel Polo Gundín que manifesta que dende maio de dous mil sete a responsabilidade de dar impulso aos orzamentos municipais recae no PSOE, en concreto no señor alcalde, e que dende o ano noventa e nove, coa modificación da Lei, pódese aprobar os orzamentos estando en minoría. Di que dende Alcaldía se traslada permanentemente a idea de que si Fene non ten orzamento é porque se carece de maioría para aprobalo, o cal non é certo, existe unha maioría suficiente para presentar un orzamento existindo proxecto, ideas e vontade. Di o concelleiro que dezanove ou vinte meses que levan sen orzamento é tempo máis que dabondo para ter aprobado uns orzamentos nun Concello, que no ano dous mil oito aprobouse un orzamento tarde, no que eles participaron, e xa dixeron naquel momento en que non volverían apoiar un orzamento no verán, e que agora están en pleno verán, e que o orzamento por bo que sexa, por moito que se explique, estando máis do exercicio transcorrido vai ser ineficaz, ineficiente e pouco produtivo para os veciños e veciñas do Concello. Di que é certo, vendo a realidade deste Concello nos últimos tres anos, que este orzamento vai ter máis durabilidade que a do ano en curso, e que probablemente se estenda máis alá de maio do ano que ven, xa que si foron incapaces de facer nun ano normal, de medio do mandato, un orzamento, en ano electoral vai ser totalmente imposible que fagan un orzamento para o ano dous mil once. Sinla que queren manifestar que no ano dous mil oito, ademais presentaron neste Pleno unha moción que reclamaba un orzamento en prazo para o ano dous mil nove, participado polos grupos políticos, polo movemento asociativo do Concello, un pouco na liña que se viña facendo neste Concello durante moitos anos e que o seu grupo impulsou medidas e moitas propostas relativas aos novos orzamentos e o único que se atoparon do lado maioritario deste pleno, do Partido Socialista, foron largas, palabras valeiras, compromisos que non se cumpriron nunca, chegando ao extremo de que en decembro de dous mil nove a dicir vostede

que estes ían ser os orzamentos máis rápidos da historia de Fene e probablemente non se equivocaran nunha cousa, que da súa historia política de Fene si que o van ser xa que, di o concelleiro, van ser os únicos orzamentos que presente vostede como alcalde neste Concello. Prosegue dicindo que este orzamento, tan dilatado no tempo, foi mal participado, a pesar do que manifestou o Presidente da Comisión de Facenda, que dende o mes de xaneiro tiveron catro reunións co BNG, a menos dunha por mes, coa Xunta de Persoal e Comité de Empresa poucas e cos resto dos grupos, xa se queixarán pola súa banda, pero ese concepto de participación, axilidade e do traballo non é o que eles entenden por máis axeitado. Di que no ano dous mil nove, no dous mil oito, incluso, chegaron a facer experimentos de orzamentos participativos subcontratados e que iso xa é o colmo, subcontratar cunha empresa para falar cos veciños, que isto dende o BNG non se fixo nunca, xa que falaban directamente cos veciños os representantes dos veciños. Di que o alcalde non escoita aos veciños, xa que si escoitara tomaría decisións máis aceptables, que non se participou nestes orzamentos e é a primeira crítica clara que queren facer, que ademais de chegar tarde non teñen o nivel de participación que deberían ter, e que uns orzamentos dinámicos debían ter medidas que combatan esta situación económica, e que non se negociou cos veciños as obras do Plan E, nin as obras dos Plans Provinciais, e que realmente, di o concelleiro o goberno foi vago e a aritmética lles levou a ter catro xuntanzas co BNG, que as súas propostas foron en certa medida tidas en conta, e pon os exemplos de Servizos Sociais e persoal, coma as relativas á creación de bolsas de emprego, aínda que non exista un plan real de emprego. Di que o concelleiro que o goberno municipal falou o mínimo e aceptaron aquelas cousas mínimas, non quixeron falar nin desenvolver absolutamente nada do Plan de urbanismo, que foron perezosos, que saben que hai cousas que dan traballo, pero que hai que esforzarse e que foron extremadamente vagos e iso levou a que Fene durante dezanove meses carecese dun orzamento e iso leva a que numerosas persoas, provedores, empresas, asociacións están sen pagar, porque por riba de ter un orzamento prorrogado, gastaron moito por riba das propias partidas. Di que o orzamento é necesario, non coma ten declarado o sr. alcalde en algunha ocasión xa que sen orzamento non se poden cumprir os acordos con persoal, nin cos provedores, nin co movemento asociativo, por non falar das axudas de reis, bonobus, todo o que son axudas que debe o Concello do ano pasado e deste ano, que dende o BNG, sentáronse a falar e fixeron propostas, que queren que Fene funcione, que a xente de Fene teña servizos, por iso esixiron o acordo global deste orzamento dos acordos asinados co persoal no ano dous mil oito, acordo que é necesario cumprir porque é un acordo de toda a Corporación, non dunha parte, cos traballadores deste Concello, que entenden ademais que ao cumprir eses acordos reducirán esa práctica tan pouco desexable que é a subcontratación sen contrato formal, saltándose todas as obrigas dende o punto de vista contractual, legal, etc, e gastando por riba do propio orzamento municipal, que elevar a xornada laboral é un dereito importante adquirido polas traballadoras, tanto de axuda no fogar coma da limpeza do Concello, e que ten que servir por unha banda, para menguar todo o posible esas subcontratacións rápidas que se viñeron facendo a sobreprezo, e por outra para dotar dunha bolsa de substitucións de acordo coas necesidades do Concello, coma é normal que se faga nun Concello que xestione a súa política persoal con normalidade, que é certo que se mantén o esforzo, nunha medida que cren que razoable nas subvencións, pero que sexa certo non é ningún mérito, xa que veñen tarde, mal e a rastro, o que supuxo, di o concelleiro, poñer no límite a moitas entidades.

Continúa o concelleiro Manuel Polo Gundín dicindo que en emprego, por seguir por capítulos ou por áreas, efectivamente se inclúe esa subvención da Xunta para a Escola Taller, que ademais mantén unha liña de traballo que comparten, xa que Fene sempre se caracterizou para ter un amplo equipo para desenvolver o que son políticas de emprego, tamén non é menos certo que das cifras que daba o concelleiro de Facenda do esforzo que fai o Concello nesta materia, tendo un vinte por cento de desempregados, sobre todo na franxa da xuventude, é unha política de emprego raquítica, que entenden unha parte positiva coa

inclusión desta Escola Taller no orzamento pero votan en falla un Plan de emprego, cunha planificación, uns obxectivos e unhas medidas que veñen reclamando dende o ano dous mil nove. En canto as obras, o concelleiro di que se cumpre o que pediu o BNG nunha parte, que era cumprimentar todo o que se leva sen facer dende o ano dous mil sete que non tiñan dotación orzamentaria para poder facer as obras coma a dos Plans Provinciais e eses corenta e cinco mil euros da auga de Magalofes porque é necesario logo da xestión da conversa que se mantivo co conselleiro de que Fene tería que aportar unha cantidade, co que se abre aí unha posibilidade para entrar a falar de facer un convenio para poder levar adiante este proxecto, que por certo o Concello leva xa dende o último goberno do BNG e este mandato en facer un esforzo, mercar terreos, facer proxectos, etc, que a eles lles gustaría que antes do remate deste mandato, antes do ano dous mil once se puidera concretar algo máis, de aí ese esforzo de corenta e cinco mil euros da parroquia de Magalofes.

Prosegue dicindo o concelleiro Manuel Polo Gundín que eles propuxeron que se solicitase un crédito, o máis amplo posible, para o financiamento de todas estas obras que se mencionaron con anterioridade, incluso indo ao límite das posibilidades legais, xa que é unha cuestión básica, porque o goberno socialista para o ano dous mil once limita a política municipal limitando aos concellos a poder pedir créditos, que esa política de Estado é discrecional, inxusta e arbitraria, que dende o BNG vese con moita preocupación esta limitación, xa que se limita a contratación de persoal, límitase a posibilidade de pedir crédito e báixase as transferencias do Estado e da Xunta de Galicia, é dicir, xa os Concellos en xeral sofren unha anorexia de ingresos e con estas medidas non sabe cal vai ser a estratexia do goberno central xa que os concellos se quedan sen marxe de maniobra, que o ano dous mil dez o libran cos trescentos mil euros do Plan E e catrocentos e pico mil euros de crédito, pero de onde se van restar setecentos e pico mil euros do orzamento do ano que ven, a técnica vai ser non o facer, xa que así xa non se meten en líos, pero a responsabilidade lles leva a ver o futuro a medio prazo, e ven que é necesario abrir un debate real entre Administracións para que o financiamento dos Concellos sexa unha cuestión principal, que debe ser entre outros, pero principalmente o partido Socialista e o PP que son os que teñen a maioría no Congreso dos Deputados, sen iso, todo o demais que se diga neste Pleno é un debate estéril, xa que o problema de fondo deste e dos demais Concellos é o financiamento, e con estas limitacións teñen catro anos por diante bastante complexos. Prosegue dicindo que seguindo o documento di que dende o BNG non van dar un cheque en branco, van esixir un cumprimento deste orzamento xa que non queren que Fene siga paralizado, que non se paralice os pagamentos de axudas, facturas, subvencións, os acordos de persoal, que non sigan paralizados os plans provinciais, que non queren un Concello que retrocedan coma os outros concellos da comarca, que o están a facer por falla de actividade, por vagancia, e que o BNG por responsabilidade cos veciños e veciñas vaise abster neste documento pero van esixir o cumprimento dos acordos, comezando polas propias bases de execución do orzamento, que roga a todos os concelleiros do goberno que as leran e rogalle ao sr. alcalde que lle indicase aos seus concelleiros que non poden gastar máis alá do que din as partidas, que foi o que fixeron durante os dous últimos anos e non en cuestións fundamentais, senón en mala xestión e que a mala xestión leva a que se chega tarde, mal e a rastro con este orzamento. Di que se esixirá que se fagan os procedementos de contratación que non se fan, que se fagan memorias das obras que queiran realizar, xa que se detectaron que no orzamento hai numerosas obras están realizadas, pero que non van facer leña da árbore caída xa que os provedores teñen que cobrar. Di que o orzamento se fixo ao revés, primeiro se fixeron os traballos e logo se orzamentou e que se aplicou o de “vai facendo que xa cobrarás” e así xorden os problemas que teñen no Concello, que non se contratan as escolas deportivas, nin as culturais, nin a limpeza, nin a axuda a domicilio por non falar de todo o demais que segue sen contratar que foi rematando os contratos e non se renovaron a de recollida de enseres, nin os rebacheos, afirma que non se fan contratos de nada, todo a ollo, co cal non saben nin o que fan nin por canto lle sae, e así saen os números cos desfases que hai, polo que pide rigor

á hora de executar este orzamento respectando as partidas e insiste en que o orzamento vai avanzar coa abstención responsable do BNG.

Para rematar o concelleiro Manuel Polo Gundín di que votan en falla tres cuestións fundamentais, unha vontade clara de desenvolver o PXOM; que en emprego ten que dicir que as declaracións de intencións hainas que transformar en proxectos concretos; que en promoción económica, que é unha pata fundamental que coxea neste Concello, non ten medidas de impulso directo e claro para facer unha promoción económica que reactive en certa medida a economía, favorecer a creación de emprego e que poderá xerar algún tipo de circuíto ou movemento. Que dende o BNG vansen abster, por responsabilidade evidente cos veciños e veciñas deste Concello e queren que este Concello avance e non que retroceda e por iso fan esta exposición con todo este contido crítico, xa que non pode ser doutro xeito.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP quen, unha vez concedido di que vota en falta o diálogo que non existiu con este grupo municipal, que menos mal que sí se conta a verdade, que con eles se tivo un soa reunión, que nesa reunión, cando se entregou o primeiro borrador, xa criticaron o xeito da entrega, pois o sábado se lles dixo que pasaran por rexistro a recollelo, cando o luns pola mañá se estaba presentado á prensa, isto antes de falar cos grupos desta Corporación municipal. Di que nesa primeira reunión este grupo municipal lle dixo ao concelleiro de Facenda que en xeral lle parecían ben determinadas cousas dese documento coma a supresión dos cargos de confianza, a redución dos ingresos do ICIO e non consignar a partida do auditorio e a redución da participación dos tributos do Estado, agora ben, para eles había un escollo moi importante que eran os préstamos, que eran trescentos sesenta e tres mil euros pero sen máis, que sinalaron que ese préstamo debe ter un sentido finalista, xa que vai servir para unha finalidade concreta coma foi no orzamento anterior o préstamo que se pediu para a depuradora. Di que houbo, por unha banda as declaracións do alcalde no sentido de que os préstamos, en épocas de crise, hai que endebedarse para manter os servizos, por outra banda as do concelleiro de Facenda que dicía que había que endebedarse pero para a inversión, polo que non chegaron a saber se o endebedamento previsto era para inversión ou para servizos. Di que con eles non se volveu falar, é máis, que cando se fixo este borrador se lles entregou aquí no Pleno, e a eles, sobre este borrador non se lles chamou absolutamente para nada. Di que o grupo de goberno vai dicir que o grupo municipal do PP se descartou porque dicían que politicamente non podían apoiar este orzamento e iso non é así, xa que se vostedes non entran a negociar, descartan evidente ao seu grupo, que aínda así para aprobar este proxecto de orzamentos lle parece moi escasa as reunións mantidas cos grupos que van favorecer ou apoiar esta aprobación. Di que non sabe o que se puido falar nestas reunións e que lle gustaría saber canto duraron. Di que cando se fan referencias ao ano dous mil oito, hai que recordar que xa teñen unha conta xeral cerrada do ano dous mil nove e os resultados orzamentarios hainos que referir a este ano e non ao ano dous mil oito, xa que hai dous anos as cousas houberan sido moi diferentes a como son agora. Di que no Concello non se traballa, xa que todos estes meses para votar un orzamento non lle parece lóxico, sexa bo ou malo, e asumindo o dito polo voceiro do grupo municipal do BNG, di que o grupo de goberno podería telo aprobado en minoría, xa que saben e teñen a garantía do Partido Popular de que eles xamais farían nada para tumbar ó goberno neste senso, que xa dixeron ao inicio da lexislatura que eles non ían participar nunha moción de censura co BNG, que polo tanto, non había problema para aprobar os orzamentos en minoría, polo que enetende que non se quixeron facer e deberán explicar aos veciños o porque se estiveron todos estes meses sen orzamentos. Por outro lado, di o concelleiro que pensan que a postura do BNG lles parece moi ben, que cada un avalía a situación coma lle parece, pero que lle recorda ao BNG, precisamente, a rotura do pacto de goberno que houbo e os tira e afrouxa que houbo para a aprobación do primeiro orzamento non foron pequenos, e pensa que un dos motivos principais da rotura do pacto de goberno foi a falla de consenso para elaborar eses orzamentos o ano pasado, polo que agora vir dicindo que se van abster

por responsabilidade, que podía terse chegado naquel momento, xa que coma se dixo dende o BNG, se podían aprobar os orzamentos en minoría. Di que o goberno municipal son ineficaces, ineficientes, pouco produtivos, que tiveron só catro reunións, que o plan de emprego non existe, xa que non existe a promoción económica, en cambio si existe algo moi grave que logo falarán, que é un endebedamento do que o goberno municipal e o BNG se fará corresponsable desa débeda que vai adquirir o Concello.

Continúa o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal a súa exposición e pregunta, respecto dos orzamentos participativos, que coma se vai contar coas sociedades e asociacións deste Concello se non se conta cos grupos municipais; di que se van presentar os orzamentos ás sociedades, que si el fose presidente das sociedades só lle quedaría sentarse e escoitar, que non se pode dicir que se deu entrada e participación, aos grupos municipais e ás asociacións e sociedades. Di que lle gustou a expresión utilizada polo voceiro do BNG de subcontratar a relación cos veciños, que é moi acertada, que é interpoñer ou pretender saltarse ás sociedades con eses orzamentos participativos que non valeron para nada e que frustraron as previsións que tiñan os veciños, e que o que é máis curioso é unha das políticas socialistas, que aparecen aínda hoxe publicado nunha páxina referente a Fene que di idea innovadora exemplar, implicar aos veciños e veciñas na xestión municipal, democratizar o investimento dos cartos públicos, sensibilizar á poboación na procura dos intereses colectivos por riba do particular, sensibilizar tamén sobre o custo dos servizos e das obras públicas, fomentar dinámicas de colaboración e participación veciñal, experiencia coa asistencia técnica da Universidade Complutense de Madrid ao Concello de Fene e que é o primeiro de Galicia que elabora os orzamentos de xeito verdadeiramente participativo seguindo os criterios do Foro Social Mundial de Porto Alegre. Logo, di o concelleiro, se traen estes orzamentos para nin sequera facer referencia a todo ese gasto que se fixo de vinte sete mil euros, a través dunha empresa, para darlle participación aos veciños o que lle da vergoña. Continúa dicindo que na memoria da Alcaldía houbo unha redución importante da débeda bancaria, e como non a vai haber, pregunta, xa que coma non houbo orzamentos non se pediron créditos e se amortizou a débeda bancaria.

Prosegue o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal dicindo que, entrando en cuestións puntuais do orzamento, se di que o gasto en persoal redúcese nun un por cento, e que iso é mentira, non hai tal redución, máxime tendo en conta que a redución salarial que se lles fixo aos funcionarios, que debe ir a gasto corrente. Afirma que o Partido Popular está en contra da redución do gasto do persoal por unha razón, xa que hai dous anos si houbera tido en conta o que dixo o Partido Popular se houbera conxelado o soldo dos funcionarios e non houbera pasado absolutamente nada, xa que os funcionarios, a maior parte dos que están neste Concello, son pouco máis que mil euristas e estes teñen os seus compromisos adquiridos, sexa con bancos, sexa con financeiras, sexa coa súa familia e por tanto unha redución ao mellor a un matrimonio de funcionarios de tres centos cincuenta euros ao mes lle supón o pagamento dunha hipoteca e por iso agora se reducen gastos de persoal porque se reduce en base ao Decreto do Goberno. Di que a redución fíxose pero é que xa se tiña moi incrementado coa contratación dun técnico de Administración Xeral, e non se refire á función do funcionario senón ao cometido que lle está dando o grupo de goberno, xa que eles aínda non saben cal é. Sinala que por outro lado, se incrementa o gasto de persoal por esas seis persoas que van pasar a xornada completa, que eles están a favor diso e por iso votaron a favor, pero iso non quita que eles critiquen o xeito de facelo e o critican porque precisamente o outro día en Comisión, e así o fixeron constar na acta, eles non estaban de acordo en que se crearan esas bolsas das que se van ir tirando xa que eles estaban conformes coa subcontratación debidamente contratada, porqué, porque eles dixeron que o colectivo de limpadoras deste Concello deberían manterse en tanto se foran xubilando para logo desaparecer, e o seguen a manter, sinala que é así e hai sentenzas que así o recoñecen, nunha ilegalidade, porque para atender necesidades permanentes do Concello estase a

contratar persoas desa bolsa, que logo se lle fan contratos sucesivos, que logo van ao Xulgado do Social, que reclaman e pasan a ser traballadores fixos. Di que o seu grupo cree que hai un órgano neste Concello que non se lle toca para nada e que non se fala nada del, pero que pensan que os recortes importantes do gasto corrente deberían vir de Radio Fene, que o control de Radio Fene é nulo, que os ingresos por publicidade non constan por ningún sitio, e en cambio, van ao orzamento e que os gastos de persoal son galopantes, que non di que se teña que despedir a ninguén, pero haberá que racionalizar e someter tamén á xente a unha política austerá.

Continúa o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal dicindo respecto ao gasto corrente que na memoria se di que se incrementa un sete con noventa e cinco por cento e mantén que no PSOE no Estado se di que hai que baixar o déficit público. Di que a Lei de dependencia é orzamentariamente moi difícil de cumprir e que se debe comezar a cumprir, precisamente, polos máis necesitados, non por persoas que teñan minusvalías mínimas que se incrementa o gasto corrente o que podería supor outro parque baixo a autoestrada; que para a débeda pendente con provedores a trinta e un de decembro, pese a que o sr. alcalde di por aí nalgunha publicación que iso está moi reducido, que só quedan as facturas dos profesionais do Plan E, etc, non se fai ningunha consignación orzamentaria e di que está recoñecido así polo informe de Intervención e pola propia memoria da Alcaldía, e pregunta cómo se vai pagar e di que é insuficiente o remanente de tesourería. Di que o informe de Intervención sinala que o incremento de gasto corrente “todo ello fue debido a la ausencia de una contención del gasto, de lo que deriva unha importante deuda con provedores y es porque las bases de ejecución do orzamento non se cumpren sendo preciso un estricto control do crédito existente en cada partida mediante o sistema de proposta de gasto”. Di que propoñen que nesas bases do orzamento, que tamén lle piden aos concelleiros do Partido Socialista que as lean, que fagan o que se chama a proposta de gasto e que non se pasen das partidas orzamentarias, xa que se teñen todo este extraxudicial pendente de pagamento por algo será; que para eles resulta bastante grave ver esa débeda aí e ver que de remanente de tesourería só hai para pagar a metade e lles gustaría saber cómo se van pagar a outra metade, xa que logo se terá que tramitar un expediente de modificación de crédito e que se o teñen que apoiar, queren saber por onde vai vir ou de onde vai saír.

Prosegue o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal dicindo con respecto do proxecto do Muro das Chancas no anterior proxecto eran tres centos sesenta e tres mil euros, que houbo sorte de que antes de que viñera este novo proxecto se atoparon os cartos que sobraron da depuradora, non grazas ao concelleiro de Facenda, senón grazas aos servizos económicos do Concello e que nos próximos orzamentos pódese reducir o crédito bancario que se pide nesas cartos. Critica o que califica como quitarlle os créditos aos concellos á brava, en vez de ter en conta o nivel de endebedamento dos concellos, xa que algúns concellos nunca na vida solicitaron un crédito bancario. Tamén critica a inxerencia na autonomía local por esto último e polo Plan E e sinala a existencia dun acordo coa FEGAMP no que se está a contestar, precisamente, esa redución do crédito e que na moción que achega a FEGAMP se pide que se poida seguir financiando aquelas obras que teñan cofinanciamento doutras Administracións e que se corte o crédito só para aquelas obras que queira financiar só e exclusivamente o Concello, proposta esta moito máis razoable que a que fai, di o concelleiro, o sr. Zapatero. Di o concelleiro que coma o ano que ven non van poder pedir préstamos os concellos, van pedir préstamo este ano ata onde sexa, ata o tope, co que se di por un lado que para reducir o déficit público se vai cortar o crédito aos Concellos, ao día seguinte se di que é o un de xaneiro do ano que ven, polo que agora se vai ampliar as partidas ao máximo posible para endebedarse ao máximo posible e logo para o ano xa se verá; que así o recoñeceu o BNG tamén, xa que ademais, curiosamente, se vai agora a un préstamo de catrocentos sesenta e tres mil sete centos cinco con oitenta e cinco euros a quince anos, cun ano de carencia, o que quere dicir que neste orzamento non se mete ningunha partida para amortizar este crédito,

polo que para o ano que ven xa se verá, xa que a carga financeira dese préstamo son corenta e cinco mil dous centos corenta e seis con cincuenta e cinco euros polo que se vai pagar uns trinta e cinco millóns dos de antes para pagar ao banqueiro que nos preste eses cartos e sen saber para que, en principio para investimento, cousa que dubida, e logo se pretende dicir que se está dentro dun nivel de endebedamento razoable xa que se está nun vinte e nove por cento; que unha vez que se pida ese préstamo e logo de que se determine tamén o beneficio neto do exercicio anterior, eses parámetros hainos que os revisar e que non van ser eses, polo que conclúe que lle parece bastante grave esta decisión.

Continúa a súa exposición, o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal, facendo referencia aos ingresos e di que algo máis realista que outras veces si que se é, pero que se os gastos correntes se incrementan un sete con noventa e cinco por cento, cinco centos mil euros, os créditos tamén hai que os aumentar e buscar. Di que respecto das transferencias doutras Administracións sinálase unha redución respecto do ICIO, o que é certo e xa se comentou no seu momento, pero que respecto da participación dos tributos do Estado se di que se reducen ata un vinte por cento, que eles iso non o ven, xa que na conta xeral aparece participacións tributos do Estado dous millóns douscentos sesenta e tres mil euros, redondeando, e para este ano teñen dous millóns trescentos seis mil, ou sexa, tres mil máis, polo que non saben aí onde está esa redución do vinte por cento; que por ingresos de imposto de vehículos de tracción mecánica o ano pasado houbo seiscentos corenta e oito mil dous centos corenta e catro e para este ano cen mil máis e non saben a qué obedece, porque non hai ningunha xustificación para iso, que respecto das transferencias da Xunta o propio informe de Intervención di que se debería ser un pouco máis prudente, tendo en conta a realidade dos exercicios anteriores, cando gobernaba o chamado goberno amigo; que tocando o tema das escolas taller o que non comprende é que para o fomento do emprego non só son as escolas taller, aínda que sexan un deles, e sinala que durante a Xunta anterior non, na anterior máis a do sr. Fraga, estando este Concello gobernado polo BNG había dúas ou tres escolas taller e que agora o grupo de goberno se veña queixando de que non hai ningunha escola taller porque a Xunta lle corta o grifo, polo que dubida inclusive que dende aquí se cursaran as solicitudes, que quere crer que é verdade, pero que lle gustaría velo; que respecto da consignación de corenta e cinco mil euros para o tema da auga a Magalofes di que seguramente haberá que participar nese proxecto, ao igual que se participan nos proxectos da Xunta e da Deputación, pero o problema é ese, que se vai poñer aí unha partida para algo que o sr. alcalde sabe que de momento non se pode facer, que as asociacións lle levan pedindo reunións para que acredite que efectivamente se poida facer e sabe que iso non é así, por tanto esa partida quedará sometida a modificación de crédito oportuna e irá para onde teña que ir.

Para concluír, o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal, di que se fixo caso a algunhas cousas grazas ao sr. Zapatero, poñendo as grazas entre comiñas, xa que iso era algo que viñan dicindo eles; que non se produciu redución do gasto corrente, nin de persoal, nin da débeda bancaria, da débeda con provedores, polo ue se pregunta cómo van votar a favor deste orzamento.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, que di que queren facer tres críticas de entrada: que este orzamento chega tarde, chega no mes de agosto e estará en vigor no mes de setembro polo que terá unha vixencia de tres meses e que o ano que ven pasará o que teña que pasar, polo que hai que criticar ao grupo de goberno que non foi capaz de negociar os orzamentos, que non sabe si é que se quixeron impoñer os programas sen facer cesións ou que pasaría; en segundo lugar sinala que non é de recibo presentar uns orzamentos no mes de agosto cando a maior parte dos veciños están de vacacións e se sabe que no verán a xente non vén aos Plenos, que o Pleno ordinario é o próximo xoves, e non polo que se aforra, xa que os Plenos extraordinarios custan

coma se di catro pesetas, pero máis que nada de cara á imaxe dos veciños e para que non se nos vexa con certo interés; que hai unhas responsabilidades grandes, xa que se leva case que dous anos sen orzamentos, que cada quen saberá a súa, e que se o grupo de goberno non é capaz de chegar a uns acordos e que os que están na oposición tamén teñen a responsabilidade, cara aos veciños, de intentar de que saian adiante con abstencións ou doutro xeito, ou quitando do medio as cousas incompatibles cos seus programas, e a iso se pode chegar, se hai unhas intencións de negociación, polo que repite que alá cada quen coa súa responsabilidade. Di o concelleiro que aínda que non se teña maioría absoluta, non queda máis remedio que facer cousas, que hai que ceder parte do programa, que eles respecto deste orzamento non poden decidir respecto da súa aprobación, nin tampouco bloquealo, que si estiveran na posición doutros grupos si terían claro a iniciativa a facer. Di que cando o concelleiro de Facenda deu explicacións el pensou que tiveran máis reunións cos demais grupos e coincide cos demais grupos ao pensar que catro e unha reunión cos distintos grupos son poucas, que con eles houbo tres e o comprenden, non poden tomar decisións nin nun sentido nin noutro, nin poden formar unha maioría con ningún dos tres grupos para dirixir isto, polo que o comprenden, pero que eles non ían estar perdendo o tempo dezaioito meses e que con dous meses hai tempo dabondo para dicir si se está en posición ou non de negociar, e isto o di para as dúas partes, tanto para o goberno coma para a oposición, que os grupos e os programas nalgúns casos son antagónicos pero que habendo vontade de negociación se pode ou non chegar a un acordo e que iso sería o que farían eles estando nunha situación de goberno.

Continúa o concelleiro Manuel Sánchez Martínez dicindo que no tocante ao orzamento, vai falar en catro ou cinco liñas. Sinala que é verdade que o orzamento, en comparación co do ano dous mil oito é de medio millón de euros menos; que respecto dos ingresos se ve que hai unha pequena diminución que respecto da construción pode ter que ver pola caída bestial da construción debido á crise, que tamén debido á crise hai unha conxelación de taxas, aprobada por todos, que tamén hai dúas aportacións grandes, a aportación do Estado cunha redución dun vinte por cento e salienta que non se desenvolveu a Lei de financiación para a Administración Local, debido á crise, e sobre disto di que hai que culpar aos dous partidos grandes, aínda que agora governe o PSOE o PP tamén gobernou e nin un nin o outro están moi interesados en desenvolver esta Lei; que se está nun período de crise de recadación, que se está gobernando co xeito esaxerado de baixar impostos aos ricos e así o Estado non pode recadar de ningún xeito, e se non se recada non hai recursos, e polo que parece vaise seguir con esta loucura de seguir baixando impostos aos ricos, o que se demostra cos números; que tamén hai unha diminución das aportacións da Xunta de Galicia e aquí serve todo o exposto anteriormente; que se ve unha compensación destas diminucións cos tres centos mil euros do Plan E, segundo o acordado; que se ve un préstamo de catro centos sesenta mil euros destinado á inversión, que se sabe que o próximo ano non se vai poder pedir créditos e ven que para poder desenvolver a actividade do Concello é necesario, que se pode discutir se en vez de catrocentos e pico mil podería ser outra cantidade pero que isto ven da actuación do Estado, que é unha invasión de competencias, xa que a Administración Local ten autonomía, e a Administración do Estado non pode impedir aos concellos solicitar créditos, e que pensa que esta actuación é inconstitucional, que todos coñecen que algúns concellos non están endebedados e ben poderían solicitar créditos e que no caso de Fene, cun vinte nove ou trinta por certo de endebedamento, podería seguir pedindo créditos dentro dunha razoabilidade, que hai o Concello de Barcelona que parece que vai recorrer isto por anticonstitucional e pensa que o gañará, pero que isto non quita para dicir agora que non se solicite o crédito, xa que estes trámites non se sabe o tempo que durarán, e mentres tanto, o Concello de Fene ten que pedir créditos, xa que para o ano hai unhas eleccións, das cales ten claro que ningún dos tres grandes partidos que hai en Fene van sacar maioría absoluta, que terán que facerse pactos a dous ou doutro xeito, pero o que hai é que mirar cara ao futuro, e non se pode deixar que o que governe o vindeiro ano que non poida desenvolver o seu traballo.

Prosegue o concelleiro Manuel Sánchez Martínez dicindo respecto das inversións que hai uns catro millóns de euros dos que se dá prioridade aos servizos básicos, auga, saneamento, etc, e dende o seu grupo o ven aceptable, xa que se trata de desconxelar ou pór en marcha os Plans de Cooperacións, os POS, a auga a Magalofes, etc, e en liñas xerais o ven correcto; que se segue co Plan E e vai saíndo adiante, que será un gran impedimento para o ano que ven xa que igual ata desaparece este Plan. Di que respecto dos gastos o que non poden aceptar de ningún xeito é a redución do salario dos funcionarios e dos traballadores, que a conxelación xa é excesiva e que hai un recurso de impugnación, polo menos na Administración do Estado, presentado polos dous grandes sindicatos Comisións Obreiras e UGT e creen que o gañarán e tamén pensan que dentro da Administración Local os sindicatos tamén o poden presentar, no caso de Galicia, coa CIGA tamén poden presentar unha reclamación conxunta neste sentido, que está claro que se atopa cunha intromisión de competencias da Administración Local, que teñen que criticar que se descargue nos funcionarios aínda que non sexan os causantes da crise, que hai que criticar ao PSOE que está gobernando e tamén ao PP que está a presentar políticas de recortes de gasto social, aínda que o chamen doutro xeito, e aos verdadeiros culpables da crise non se tocan e que aí están as intervencións no Parlamento español, tanto do PP coma o de CIU, que no momento de que se fala de subir os impostos aos que máis cobran poñen o grito no ceo e que os bancos, os verdadeiros causantes da crise, non se tocan, e en cambio se conxelan os salarios dos funcionarios. Di que hai algunha cousa que poden aceptar coma os salarios dos cargos políticos, que deben dar exemplo, que afectan ao alcalde e a unha persoa liberada e a conxelación dos gastos do resto dos políticos; que votan en falla uns plans tendentes á diminución de gastos correntes, que non se ven aquí; que ven positivo o aumento en gastos sociais xa que en tempos de crise é necesario aumentalos e coinciden con isto; que respecto da oferta de emprego público cree que debe manterse, así coma a consolidación da ampliación dos niveis da Policía Local, que é moi positivo o aumento da xornada laboral das traballadoras de limpeza e axuda no fogar; que non coinciden respecto da crítica tan desastrosa que se fai, que non todo é tan malo, tampouco é moi boa, pero a previsión de débeda se mantén máis ou menos, a previsión da débeda do ano anterior a este ano a previsión, nunha época de crise, lle parece inviable intentar reducir a débeda, xa que reducir débeda con menos ingresos levaría a rebaixa na calidade de determinados servizos e isto sería desastroso, o manter estes servizos se pode considerar case que un éxito, que o nivel de endebedamento é dun vinte e nove por cento e tendo un límite de un cento dez por cento pódese dicir que se está nun nivel bastante baixo; que respecto do remanente di que si se destina ao pagamento de provedores é unha medida aceptable; que a posición do seu grupo, con esta serie de claros escuros, con máis ou menos coincidencias, é a abstención.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido manifesta que logo de ver a intervención dos diferentes grupos di que hai distintos enfoques que en xeral, todos son conscientes de que a situación de crise e tampouco ve unha posición argumentada, unha proposta alternativa a estes orzamentos. Di que cree que as críticas se refiren ao período excesivamente longo, e que evidentemente, estamos a comezos do mes de agosto, é máis, a súa vontade política e a súa proposta electoral era que por primeira vez en Fene houbera un orzamento o un de xaneiro, e non foron quen, que en todo caso, lémbrale ao voceiro do BNG que respecto da figura da cuestión de confianza, que xa consta na Lei dende o ano noventa e nove, que o BNG gobernou este Concello ata o dous mil tres e non lle facía falta a cuestión de confianza baixo ningún concepto e aínda así non ofreceu ningún orzamento presentado en data axeitada. En todo caso, di o concelleiro, eles non renuncian a facelo e prefiren ter un acordo para sacalo para adiante, tarde pero o conseguiron, e que a vontade era de facelo moito antes. Respecto dos orzamentos participativos di que hai un enfoque diferente entre o que eles entenden coma orzamentos participativos ao que entenden os portavoces do BNG e do PP, xa que cando se fala da

participación nos Concellos, de reunións formais de discusión coas entidades, iso implica un grado de participación durante moitos anos, que hoxe por hoxe hai moitos concellos onde participan directamente, que non se trata da participación formal de asistir a unha reunión para dicir si ou non, se trata dunha capacidade estrutural de participación do orzamento, é dicir, que os orzamentos, dun xeito estruturado e non dependendo dun órgano de goberno hai unha cantidade na que nos veciños deciden directamente, que iso é unha diferenza clave e fundamental dun orzamento participativo e ao que outros grupos lle chaman participación é outro grado de participación. Di que o seu grupo non renuncia á primeira e en todo caso no pasado bloqueou unha reunión e que podía ser criticable que viñera un papel de Madrid co seu expediente, que era unha fórmula, que se bloqueou e non pasou nada, seguiron adiante, pero bloquealo e agora saber del non lle parece correcto.

Continúa o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira dicindo que vai comentar algúns datos fronte aos malos agoiros do voceiro do PP. Di que o aforro neto da liquidación do dous mil nove foi dun millón douscentos mil euros e a liquidación da tesourería para gastos xerais foi de medio millón de euros, que son os datos reais; coma segunda cuestión di que se puideron facer moitas ou poucas reunións, pero coma voceiro deste grupo municipal non está disposto a aceptar enredos de ninguén, que se fixo unha reunión e nunca tiveron ningunha obxección en discutir con ninguén, nin co adversario político nin con ninguén, outra cousa é que esixen unha mínima seriedade entre os grupos políticos, respectando as diferenzas que se produzan na vida, na política, etc, pero que o que non aceptan é unha xuntanza na que se empezan a discutir os orzamentos e o voceiro dun grupo político diga que non están mal, pero que politicamente diga que teñen que dicir que non, sen ningunha outra argumentación. Di que os demais grupos políticos poderían criticar ese primeiro borrador, fixeron suxestións e están abertos á discusión, pero con alguén que se cerra en banda eles non están dispostos a enredar baixo ningún concepto. Prosegue dicindo que non é certo que os gastos correntes suban un sete por cento, que a porcentaxe é menos da metade, que ninguén dixo que se reducían os gastos de persoal, que el cifrou o capítulo de gastos correntes e gastos de persoal e non quere dicir que a redución salarial signifique redución de gastos de persoal, porque non é así, pero eses son datos obxectivos que están aí e que se elaboran dende Intervención; que o que dixo é que neste orzamento vai que o grupo de goberno formulou unha redución dos gastos ordinarios, en concreto os gastos dos órganos de goberno en cento setenta e un mil euros e porqué, non só por requirimento de todo o mundo, dos grupos, procede tamén deste grupo de goberno que trata de reducir os gastos ordinarios para aumentar a capacidade de inversión, e de feito, non é casual que se aumente a capacidade de inversión en un punto, pero é que é moi importante nunha situación de crise coma esta que se destinen un millón catrocentos mil euros para a inversión real de obra e de equipamento, ou que se manteñan e aumenten as prestacións sociais e aumente a cobertura do servizo de dependencia, etc, e que neses datos non hai discusión e ninguén puxo en tea de xuízo os elementos esenciais deste orzamento. Di que respecto da política recadatoria aquí se chegou a un consenso e se aprobou por unanimidade a conxelación das taxas e dos prezos públicos, e el é consciente de que para o ano vai haber máis problemas, se non hai un Plan estatal, evidentemente que os recursos ordinarios baixarán e haberá que solventalo dalgún xeito, como se solventou historicamente, conxelando as taxas e subindo os créditos no banco. Afirma que o crédito é para inversión real e que no Concello as operacións de tesourería que se montaban cos bancos remataron, que iso de momento o eliminaron e o superaron coma dato obxectivo da situación económica; que por tanto uns orzamentos que a pesar da redución obxectiva dos ingresos manteñen un nivel equilibrado, ben sexa a través do crédito e de xeito conxuntural extraordinario a través do fondo estatal para o emprego e sustentabilidade local, permiten a conxelación das taxas e permitan un avance da inversión real, dos gastos ordinarios, que se manteña uns servizos bastante equilibrados, tanto en cultura coma en deportes, cunha porcentaxe moi elevada. Di que pensan que non hai alternativa real para esta proposta concreta, que son conscientes da tardanza, xa que están no mes de agosto pero

cando non hai unha maioría política, trátase de conseguir un apoio mínimo político para que estes orzamentos saian adiante, e eles non renunciaron a esto.

Neste momento, sendo as 11:50 horas, toma a palabra o sr. alcalde para anunciar un pequeno receso no debate.

Rematado o receso, sendo as 12:04 horas reanúdase o debate e pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que para que exista participación hai que escoitar, que eles votaron bastante de menos a capacidade do grupo de goberno de escoitar aos grupos políticos, ao BNG, aos veciños e sobre todo aos traballadores e traballadoras. Di que o BNG tivo iniciativas en materia orzamentaria neste Concello nos últimos anos e lembra á do ano dous mil oito, as medidas que presentaron en xaneiro de dous mil nove, os orzamentos por escrito que presentaron, estando no goberno en abril de dous mil nove e que presentaron por rexistro e di, que, a xuntanza que tiveron con posterioridade a saír do goberno para intentar ter, a pesar diso, un orzamento para o ano dous mil nove. Di que presentaron unha proposta en decembro de dous mil nove con criterios concretos de persoal, servizos sociais, emprego, obras, PXOM, etc, para qué, para que Fene contase cun orzamento para atender as necesidades do noso Concello, para atender débedas con provedores, para eliminar ou reducir as subcontratacións sen control, subcontratacións que se fixeron sen control e a demanda, tanto na área de formación, de limpeza, desbroces, axuda no fogar, etc, que mostra a falla de actividade e de traballo, en definitiva de falla de impulso, gañas e ideas. Di que en xuño do ano pasado estaban as bases do tractor feitas, que ao final foi o cen por cen a Deputación a que puxo a financiamento e empezou a andar hai uns días, e polo medio se subcontratou porque non hai ferramenta para traballar, e que isto é o exemplo claro do pouco traballo das diferentes Áreas do goberno, que cun orzamento é posible limitar as subcontratacións, que é necesario cumprir cos acordos co persoal, non so que se recollan no orzamento, senón que se cumpran na práctica, que é necesario que se comecen a executar as obras dos Plans de dous mil sete e as que están orzamentadas nos anos dous mil oito, nove e dez da Deputación, que fundamentalmente é o groso da achega do crédito que aparece no orzamento e que eles dende o BNG ven deficiencias que describen, deficiencias temporais, xa que chega tarde, deficiencias formais da participación, xa que non está participado coma debera, deficiencias dende o punto de vista das contías, xa que hai partidas e proxectos que debían estar máis dotados como se reclamou dende o BNG, coma o emprego e a formación ou o propio desenvolvemento do PXOM, pero que son cuestións que o BNG faría, e coma non ostentan o goberno, entenden perfectamente que son outros os que teñen a responsabilidade e que así fixeron unha serie de propostas e que unha parte importante si se recolleron. Di que o seu compromiso de aquí para adiante, igual que fixeron ata agora, é vixiar o cumprimento da ampliación da xornada, do paso do nivel dezoito ao vinte da Policía Local, de que se pague ao fondo social pendente dende o dous mil oito, que se cumpran ás ofertas de emprego negociadas coa xunta de persoal e demandar ás Concellerías correspondentes os pagamentos de subvencións en prazo, os pagamentos de provedores en prazo e agardan, ademais, que coa aprobación dos puntos que veñen de seguido se axilicen os pagamentos a provedores. Di que admiten e se alegran de que se reciñeza por parte do goberno que efectivamente non se deron aprobado o un de xaneiro os orzamentos, que dende o BNG nunca fixeron un cabalo de batalla para que os orzamentos tiveran que estar o un de xaneiro, xa que moitas veces hai que os negociar, ou se precisan datos económicos descoñecidos, que non se teñen no momento, que hai que telos no primeiro trimestre do ano, que si se teñen aínda que sexa en abril ou maio e que se teñen aprobados orzamentos en febreiro, marzo ou abril, sobre todo nos últimos catro anos no que o BNG estaba en minoría, pero digamos que na primavera, por falar do ano natural, estaban aprobados os orzamentos cun percorrido un pouco aceptable para seren executados, e que os orzamentos aprobados en agosto teñen certa dificultade, xa que se está nun mes inhábil na Administración polo que se vai demorar a súa publicación, a exposición pública, etc,

e van entrar en funcionamento moi tarde o que non quita que se cumpran entre o mes de outubro e novembro moitos destes acordos do orzamento. Di que por responsabilidade, coma dixo na súa primeira intervención, vanse abster, que o seu grupo non coincide co PP en moitas das súas apreciacións e noutras si, e non pode ser doutro xeito, xa que nas deficiencias coinciden case todos os que están aquí presentes. Di que non coincide co PP no tema da creación de bolsas, que pensa que a creación de bolsas de emprego creada para cada grupo de postos de traballo é perfectamente operativa, áxil e que establece un criterio de igualdade entre os traballadores e traballadoras que desempeñan o mesmo posto de traballo, no mesmo centro de traballo, cousa que non se dá na actualidade e debe ser un método áxil, transparente e rápido e que non se utilice con fraude de Lei, coma se manifestaba dende o PP, que esa non ten que ser a finalidade dunha bolsa de traballo senón que é para substituír unhas vacación, unha baixa, etc, que esa ten que ser a metodoloxía e esa é a que eles apoiarán.

Prosegue dicindo o concelleiro Manuel Polo Gundín que en canto a outras cuestións ás que se fixo alusión, poden falar de que este goberno municipal non fixo nada en relación coa Radio municipal, non trouxo ningunha proposta e non houbo ningunha acción, nin noutras moitas cousas, pero claro, di que dende o BNG lles gustaría, ademais de que dende o PP apunta a todo aquilo que non lle gusta, que fixera, propostas concretas, que eles respecto da Radio teñen claro que é un instrumento moi importante para a difusión oral da lingua, que non van entrar nesa discusión, pero entenden que é un servizo público pioneiro en Fene, que caracterizou durante moitos anos a un Concello vangardista na información e na comunicación directa cos seus veciños; que o BNG vaille solicitar ao goberno municipal que execute os orzamentos, que por todo isto e porque entende que Fene vai estar mellor cun orzamento destas características, por moitas deficiencias que teña, que mantendo un orzamento prorrogado dende o ano dous mil oito que o único que os leva é a acumular facturas que non teñen encaixe no documento prorrogado do ano dous mil oito; que o seu grupo vaise abster.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que coma sempre se lles di que non teñen unha proposta argumentada, que iso é a cantinela de sempre, pero que a proposta argumentada tena que traer o grupo de goberno, e a oposición facer o que está facendo, e dentro diso, dicir os seus argumentos. Di que o non farían é o que se está a facer, que eles non irían a semellante tipo de préstamo, que non farían as políticas de persoal que se están facendo, que tratarían de reducir ese gasto corrente eliminando as improvisacións de todos os días, que iso é moi doado de facer, e que sinxelamente coas bases de execución do orzamento e coa correspondente partida de gasto, sen sobrepasar esa partida orzamentaria, xa non estaría o Concello metido no lío no que di que está, de ter tanta débeda con provedores. Respecto dos orzamentos participativos di que lle parece moi ben o dito, que rogaría que se sacase da páxina isto, xa que en calquera momento chamarán aos señores Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira ou Lourido González que son os que figuran aquí coma persoas de contacto para saber deste proxecto, que ese proxecto é inexistente. Di que ninguén discute as cifras de aforro neto nin as de tesourería, que non dixeron iso, que dixeron que claro que hai aforro neto xa que non se fan pagamentos, que se ten unha empresa, que se provea, vende e non paga a provedores, entón todo vai a beneficios e iso é coma unha inxección en vea, e outra cousa é o que pode vir despois, que son as reclamacións xudiciais dos provedores que queren cobrar. Di que o que non se lles explica é como se vai cubrir ese desfase que hai entre o que sí se pode aplicar do remanente de tesourería de cinco centos e pico mil euros para o pagamento das facturas dos provedores e de cómo se vai pagar o resto como di tanto a memoria da Alcaldía e o informe de Intervención. Di que o seu grupo quere dicir que non teñen capacidade de enredar a ninguén, que son moi poucos e que pensa que non se traballa, que si se lle convoca a unha reunión é porque un día dixeron que eses

orxamentos non os ían apoiar, pois que esa é a tarefa que precisamente ten que facer o goberno, buscar consensos e aprobalos coma é debido, que se hai un escollo nesa primeira reunión pode haber unha segunda, que se lles deu un texto que está modificado respecto do anterior e a eles non se lles chamou. Di con respecto aos gastos correntes que o concelleiro do goberno dixo que son a metade, e el sinxelamente se remite ao informe de Intervención, páxina sexta, punto 1.2, segundo parágrafo que di que os créditos asignados para atender ao gasto en bens correntes e servizos experimentan un incremento de catro millóns noventa e catro mil seis centos noventa e oito euros que representan un sete con noventa e cinco máis que os créditos do orzamento do ano dous mil oito. Di que cando se lles di que se incrementa o gasto social, quere ver que iso é realmente así, porque si lóxicamente se vai incrementar a xornada das persoas que prestan a asistencia do servizo de axuda no fogar e pasan a xornada completa seis persoas, quere entender que efectivamente iso vai ser así e que non o critica, que non se lle ocorrería agora recortarlle persoal para dar menos prestacións, polo que non ve ningún logro importante facer o que de verdade se debe facer cun orzamento no tocante a ese tema. Di que case se lles vota a culpa á oposición de que eles conxelaron as taxas e di que non, que se conxelan nun momento determinado porque a situación que hai é a que hai, pero iso non quere dicir para que o grupo de goberno que é o que debe gobernar e ter ideas, que exista outro modelo de xestión para determinados servizos e que ao mellor coas taxas conxeladas, incluso con taxas inferiores se acadaría unha mellor xestión do servizo, e pon por caso a recollida de lixo, pero é que nin se intenta, que xa sabe que van dicir que o que queren é privatizar os servizos públicos e que eles manteñen os servizos públicos, que perfecto, que entón haberá que manter os servizos públicos coas taxas tal e coma están, sen máis, critica que a redución do gasto se presente coma un logro a redución de cento setenta mil euros nos órganos de goberno, que lle parece ben, pero que é un logro bastante pobre. Di que o único que piden respecto do gasto e o endebedamento é que polo menos se teñan en consideración as recomendacións que constan no informe de Intervención.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal mixto, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que do mesmo xeito que coincide con moitas das suxerencias feitas polos grupos municipais tamén discrepa doutras, que dende o seu grupo a diferenza cos outros dous grupos da oposición que presentan os orxamentos participativos coma negativos, que si eles se tivesen votos dabondo, no orzamento que se presentase, eles o sacarían adiante; di que non creen que sexa prexudicial que os veciños elixan unha parte do orzamento, que decidan eles en que queren gastar eses cartos, que é unha reivindicación de moitas asociacións progresistas a nivel de España e Europa, apoiada por intelectuais progresistas e de movementos antiglobalización, que este non ía ser o punto que ía decidir por sí só o que se aprobasen ou non os orxamentos. Di que eles prefiren tamén que existan uns orxamentos, que aínda que estes non sexan do gusto do seu grupo xa que lle gustaría que houbera outros, pero que é preferible que se teña uns orxamentos a que non se teña ningún, que ese é o motivo da abstención.

De seguido pide a palabra o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer unhas precisións para dicir que nunca entendeu a posición do voceiro do BNG en relación aos orxamentos participativos, é dicir, máis alá dos defectos formais puntuais, xa que cando é unha reivindicación do conxunto de agrupacións progresistas a nivel mundial, é dicir, comparar o modelo de participación formalista a ter capacidade de execución hai unha diferenza substancial; que en todo caso ten claro que o ano pasado na reunión conxunta co BNG e o PP, bloquearon esa acción e agora se ven, con cinismo, a dicir que claro, que votarían a favor desto cando se bloqueou un ano antes, que esa é a estratexia do PP, instalado nunha cultura de negativismo, de malos augurios, e queren aparecer coma vítimas ou incomprendidos, que non leron sequera o documento e pregunta cal é o activismo social do PP, esa cantidade de traballo que fan pola sociedade dirariamente, agás para quitar unha nota de prensa o domingo en plan negativo ou agoireiro, que se ese é o

obxectivo do voceiro do grupo municipal do PP que llo terán que explicar á xente. Di que en todo caso, si se aproba o orzamento será para o cumprir, e o papel fundamental do goberno e dos grupos políticos é facer o seu fiel cumprimento e facer o seguimento deste. Dille ao voceiro do BNG que o Plan de ordenación, os traballos para a revisión do Plan están adxudicados e co compromiso de executalos en trinta e dous meses, e lembra que se adxudicou no mes de febreiro ou marzo e pide que todos os grupos fagan un seguimento exhaustivo diso, que haber si son quen de facelo e eles van facer o posible para que en trinta e dous meses sexa revisado o Plan e logo se poida comparar coa última revisión, xa que dende a adxudicación no noventa e tres ata o dou mil tres transcorreron dez anos. Respecto da ampliación da cobertura social contesta ao voceiro do PP que non é só gastar máis en ampliar a xornada laboral ás auxiliares do servizo de axuda no fogar, se non que é ampliar a xornada para ampliar a cobertura, para atender durante máis días e a máis xente, que non se trata de manter o servizo, trátase de ampliar o servizo e a diferenza é cualitativa e moi importante, que é un dato obxectivo. Prosegue dicindo que pensa que este orzamento responde a unha situación de crise que permite unha actividade económica en Fene, que é o mellor xeito de afrontar o paro, co aumento do gasto social e a cobertura ás persoas e cunha mellora dos servizos, que non renuncian e eles, que son moi críticos co funcionamento, ás veces, de determinados servizos e que comparativamente estan máis contentos co servizo de recollida actualmente de voluminosos do que era antes, e puntualmente funciona moito mellor, a pesar dos fallos que poida haber, pero que non hai comparación, como van cambiar o servizo de mantemento de zonas verdes, e para iso se vai cambiar o prego para a compra de maquinaria máis alá de dúas debrozadoras, porque hai outro modelo de mantemento de zonas verdes, seguramente moito máis eficaz do que se tiña previsto.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de xullo de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor : Sete (7), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Votos en contra: Catro (4), (dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: Seis (6). (dos Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2010 que ascende a un importe de 11.000.315,68 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:

GASTOS		(€)	INGRESOS		(€)
Cap. 1.- Gastos de personal		4.340.941,12	Cap. 1.- Impostos directos		3.350.235,85
Cap.2.- Gastos en besn correntes e servizos		4.094.678,58	Cap. 2.- Impostos indirectos		190.000,00
Cap. 3.- Gastos		163.200,00	Cap.3.- Tasas e outros		2.151.893,00

financieros		ingresos	
Cap. 4.- Transferencias correntes	322.173,00	Cap. 4.- Transferencias correntes	3.767.301,21
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	56.000,00
Cap.6.- Investimentos reais	1.442.768,59	Cap.6.- Enaxenación de investimentos reais	0,00
Cap.7.- Transferencias de capital	1.300,00	Cap.7.- Transferencias de capital	961.179,77
Cap. 8.- Activos financieros	60.000,00	Cap.8.- Activos financieros	60.000,00
Cap. 9.- Pasivos financieros	575.254,39	Cap. 9.- Pasivos financieros	463.705,85
TOTAL	11.000.315,68	TOTAL	11.000.315,68

Segundo.- Que se dispoña no acordo de aprobación do orzamento que as modificacións de crédito nº 1, 2,3 e 4 na modalidade de transferencias de créditos , modificación de crédito nº 1 na modalidade de crédito extraordinario e modificación nº 2/2010 na modalidade de xeración de crédito realizadas sobre o orzamento prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento polo que ditas modificación anularanse por incluírse nas partidas concretas no proxecto de orzamentos, todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.

Terceiro.- Expoñer ó público por un periodo de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.

Cuarto.- Aprobar inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

2º.- Fixación das retribucións dos órganos de goberno, exercicio 2010.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1º.- Aplicar a redución salarial nas retribucións dos cargos electos con adicacións exclusivas con efectos de 01/06/2010, de modo que as retribucións dos cargos electos con adicacións exclusivas no exercicio 2010 quedarían como sigue:

	Retribucións 01/01/2010 ata 31/05/2010 e paga extra de xuño	% reduccion	Retribucións dende 01/06/2010 ata 31/12/2010 e paga extra de decembro	Retribucións totais anuais (12 PAGAS + DUAS PAGAS EXTRAORDINARIAS)
Alcalde: Iván Puentes Rivera	3080,79 €/mes *6 = 18.484,79 euros	7	2.865,13 €/mes *8 = 22.921.11 euros	41.405,85 €
Concelleira: Carmen Silvar Canos	2.050,79 €/mes * 6 = 12.304,74 euros	6	1.927,74 €/mes *8 = 15.421,94 euros	27.726,68 €

2º.- Acordar a conxelación das retribucións fixadas a partir do 1 de xuño de 2010 dos cargos electos para o exercicio 2011.

3º.- Destinar a redución das retribucións dos cargos electos ós fins previstos no artigo 14 do RDL8/2010, de 20 de maio dacordo coa orde de preferencia fixado no citado artigo.

4º.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación (art. 75 da LBRL)."

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que este asunto esta ditaminado favorablemente en Comisión e que coma dicía o concelleiro de Facenda trátase de adaptar o acordo da FEGAMP aos cargos con dedicación exclusiva no Concello de Fene, concretamente a redución do salario do alcalde e a da concelleira que goza de dedicación exclusiva no goberno municipal.

Consta no expediente informe de Intervención de data 16 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

"INFORME DE FISCALIZACIÓN
REXIME RETRIBUTIVO DOS CONCELEIROS DA CORPORACION.
ASUNTO: FIXACION DAS RETRIBUCIONS DE CARGOS ELECTOS PARA O EXERCICIO 2010.

Organo resolutorio:	Pleno
Importes:	Adicacións exclusiva: - Concelleira Area de Dinamización Social, Benestar e Igualdade: 27.726,68 € €/ano - Alcalde: 41.405,85 €
Aplicación orzamentaria:	912.100.00
Código proxecto (en gastos con fin. afectada).	-----

NORMATIVA APLICABLE.

A fiscalización é exercida de conformidade co establecido no *Texto Refundido Ley de Haciendas Locales*, e como normas supletorias:

- Lei 47/2003, de 26 de novembro, General Presupuestaria.
- *Real Decreto 2188/95* que desenvolve o Réxime de Control Interno exercido pola *Intervención General del Estado*.
- *Resolución de la Intervención General del Estado* de 02/06/08 que da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da *Ley General Presupuestaria* respecto ó exercicio da función interventora.

A normativa respecto á cal é comprobada a adecuación dos asuntos fiscalizados é a seguinte:

- *Ley 7/1985 Reguladora de las Bases del Régimen Local* (e modificacións da mesma).
- Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2008, prorrogado.
- *Real Decreto 2568/1986 de Régimen Jurídico, Organización y Funcionamiento de los Entes Locales*.

FISCALIZACIÓN DEL EXPEDIENTE (Extremos comprobados).

Con carácter xeral:

- Existencia e adecuación de crédito.
- Gasto plurianual. Cumprimento dos requisitos do art. 174 do TRLRHL.
- Competencia do órgano.
- Executividade dos recursos que financian a proposta.

Acordo de fixación ou modificación de contías das indemnizacións e/ ou adicacións parciais e exclusivas:

- Observancia dos requisitos esixidos polos artigos 75 da Ley 7/1985 LRBL e 13 do R.O.F..
- Observancia dos requisitos esixidos pola normativa de incompatibilidades (*Ley 13/1984*).
- Observancia dos límites fixados anualmente na lei de Orzamentos do Estado.

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

- Fiscalizado de conformidade (non obstante, Ver anexo).
- Fiscalizado de desconformidade.

CONCLUSIONS.

- Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.
- Procede a tramitación do expediente, sen perxuízo de que deban observarse os límites e trámites indicados no apartado 1 do Anexo de Observacións.
- Sen efectos suspensivos, pero o departamento de tramitación do expediente debería subsana – los reparos antes de somete – lo expediente a aprobación.
- Suspensión da tramitación do expediente ata que os reparos sexan solventados ou se resolva a discrepancia planteixada, no que respecta á proposta de fixación de novas indemnizacións por delegacións.

ANEXO: OBSERVACIONES

Unicamente lembrar as seguintes consideracións:

1/ O acordo debe exponerse no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P. (art. 75.5

L.R.B.R.L)

2/A total incompatibilidade da retribución por adicación exclusiva con calquera outra con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas (incluíndo entes, organismos e empresas

dependentes) e para o desenvolvemento de actividades nos termos da Ley 53/1984 de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas.

Fene, a 16 de xullo de 2010.

A INTERVENTORA

Asdo.-Marta Roca Naveira”

Ao non haber debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o asunto, ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de xullo de 2010, sendo aprobada por unanimidade dos seus membros presentes, polo que o Pleno acorda:

1º.- Aplicar a redución salarial nas retribucións dos cargos electos con adicacións exclusivas con efectos de 01/06/2010, de modo que as retribucións dos cargos electos con adicacións exclusivas no exercicio 2010 quedarían como sigue:

	Retribucións 01/01/2010 ata 31/05/2010 e paga extra de xuño	% reduccion	Retribucións dende 01/06/2010 ata 31/12/2010 e paga extra de decembro	Retribucións totais anuais (12 PAGAS + DUAS PAGAS EXTRAORDINARIAS)
Alcalde: Iván Puentes Rivera	3080,79 €/mes *6 = 18.484,79 euros	7	2.865,13 €/mes *8 = 22.921,11 euros	41.405,85 €
Concelleira: Carmen Silvar Canos	2.050,79 €/mes * 6 = 12.304,74 euros	6	1.927,74 €/mes *8 = 15.421,94 euros	27.726,68 €

2º.- Acordar a conxelación das retribucións fixadas a partir do 1 de xuño de 2010 dos cargos electos para o exercicio 2011.

3º.- Destinar a redución das retribucións dos cargos electos ós fins previstos no artigo 14 do RDL8/2010, de 20 de maio dacordo coa orde de preferencia fixado no citado artigo.

4º.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación (art. 75 da LBRL).

3º.- Proposta de delegación na Xunta de Goberno Local do establecemento ou modificación de prezos públicos.

Dáse conta do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o establecemento ou modificación dos prezos públicos.

Segundo.- Proceder á publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que na Comisión houbo unha aclaración por parte dos grupos políticos da oposición que quixeron deixar constancia de que non se trataba de sacarlle esta competencia ao Pleno, senón que delegar na Xunta de Goberno Local aquelas cuestións puntuais que houbera que facer nun momento determinado para un servizo concreto, polo que Intervención quedou en redactar unha aclaración desta proposta de acordo, e que se trae coma emenda para modificar o acordo que quedaría do seguinte xeito:

“Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o establecemento ou modificación dos prezos públicos de actividades culturais ou deportivas que con carácter puntual se poidan organizar polas Concellerías responsables para actividades culturais ou deportivas.

Segundo.- Proceder á publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

Consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención que, copiado literalmente di:

“INFORME DE SECRETARIA E INTERVENCION

Asunto.- Acordo de delegación de establecemento ou modificación dos prezos públicos na Xunta de Goberno Local.

ANTECEDENTES

-Proposta da Alcaldía de 26/07/2010.

NORMATIVA

-RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

INFORME

Primeiro.- O artigo 47.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo establece que: “1. *El establecimiento o modificación de los precios públicos corresponderá al Pleno de la corporación, sin perjuicio de sus facultades de delegación en la Comisión de Gobierno, conforme al artículo 23.2.b de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.* “

Segundo.- O artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril establece que: “4. *El Pleno puede delegar el ejercicio de sus atribuciones en el Alcalde y en la Junta de Gobierno Local, salvo las enunciadas en el apartado 2, párrafos a, b, c, d, e, f, g, h, i, l y p, y en el apartado 3 de este artículo.*”

CONCLUSION

Infórmase favorablemente a proposta de delegación na Xunta de Goberno Local do establecemento ou modificación dos prezos públicos, debendo procederse á publicación do acordo nos termos establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro (artigo 13).

Fene,a 26 de xullo de 2010.

O SECRETARIO

A INTERVENTORA

ASdo.- Jesús Tallón García

ASdo.- Marta Roca Naveira.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que dende o BNG pediron que se fixera así cunha emenda e que lle gustaría ademais que cando se vaia propoñer algún tipo de actividades se dea conta nas Comisións correspondentes, tanto na de Facenda coma na de Cultura e Deportes, cando menos dar conta das actividades e dos prezos.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido, di que en principio non están moi de acordo coas delegacións, pero acotadas do xeito no que está acotada e incluso debería constar na proposta da Alcaldía o que se acaba de dicir agora, o de dar conta nas Comisións correspondentes, aínda que sexa un exceso, xa que se debe dar conta e remata dicindo que ao seu grupo lles parece ben.

O voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que lle parece ben que se recolla a matización proposta polo grupo municipal do BNG.

A continuación intervén o alcalde para aclarar que do que se trata é de que si o Concello organiza, por exemplo, un roteiro de sendeirismo, que para decidir o prezo, non se teña que convocar un Pleno, que se poida decidir en Xunta de Goberno Local, que non están a falar de ordenanzas nin de cousas semellantes; que en todo caso non hai problema ningún en engadir un terceiro punto ao acordo no que se diga que se dea conta á Comisión Informativa correspondente cando se tomen este tipo de acordos, que en todo caso, as actas das Xuntas de Goberno tamén se remiten aos grupos, pero coma non sempre se remiten inmediatamente, que se dea conta na Comisión Informativa.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o asunto, ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de xullo de 2010, coa incorporación da aclaración e a emenda citadas, sendo aprobada por unanimidade dos seus membros presentes, polo que o Pleno acorda:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o establecemento ou modificación dos prezos públicos de actividades culturais ou deportivas que con carácter puntual se poidan organizar polas Concellerías responsables para actividades culturais ou deportivas.

Segundo.- Dar conta á Comisión Informativa que corresponda dos acordos da Xunta de Goberno Local relativos a competencia delegada.

Terceiro.- Proceder á publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- Proposta de fixación do calendario laboral para o exercicio 2010.

A continuación dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización e Seguridade celebrada en data 30 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“Primeiro.- Aprobar o calendario laboral para o exercicio 2010 establecendo como días non laborais os que de seguido se relacionan:

Sábado, 20 de marzo.
Sábado, 3 de abril.
Sábado, 15 de maio.
Luns, 11 de outubro.
Sábado, 4 de decembro.
Martes, 7 de decembro.”

Consta no expediente os informes de Secretaría e Intervención que se transcriben:

“NOTA INFORMATIVA DA SECRETARÍA

Xustificación: artigo 172 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Asunto: proposta de fixación de “calendariolaboral” para o ano 2010

1 Antecedentes

-Acordo da Mesa Xeral de Negociación de 05/07/2010.
-Proposta da Alcaldía de 21/07/2010.

2 Lexislación aplicable

- [Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público \(EBEP\)](#).
- Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- [Lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas de Reforma da Función Pública \(LMRFP\)](#).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba el Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia.
- Lei 13/2007 de 27 de xullo da función pública de Galicia.
- Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública

3 Consideracións

1ª A proposta da Alcaldía consiste: “Primeiro.- Aprobar o calendario laboral para o exercicio 2010 establecendo como días non laborais os que de seguido se relacionan:

Sábado, 20 de marzo.
Sábado, 3 de abril.
Sábado, 15 de maio.
Luns, 11 de outubro.
Sábado, 4 de decembro.
Martes, 7 de decembro.”

2ª O artigo 94 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local sinala que a xornada traballo dos funcionarios da Administración Local será o cómputo anual a mesma que se fixe para os

funcionarios da Administración civil do Estado. Aplicaráselle as mesmas sobre equivalencia e redución de xornada.

O artigo 47 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, relativo á xornada de traballo dos funcionarios pública precisa que «As Administracións Públicas establecerán a xornada xeral e as especiais de traballo dos seus funcionarios públicos. A xornada de traballo poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial.» O artigo 37 do mesmo texto sinala: «1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

(...)

m) As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos».

No referente á posibilidade de negociación da xornada dentro do ámbito de cada Entidade Local, o Tribunal Supremo determinou que o contido do artigo 94, non está suxeito a negociación colectiva dada o seu carácter imperativo (Sentenzas do 5 de decembro de 1997 e 20 de febreiro de 1996). Non obstante, o mesmo Tribunal sinala que o artigo 94 da Lei 7/1985 non ordena que a xornada dos funcionarios locais sexa «a mesma» que a dos funcionarios civís do Estado, senón que a xornada de traballo será «en cómputo anual» a mesma (Sentenzas do 19 de febreiro de 1996, 19 de febreiro de 1986, 22 de decembro de 1995 e 28 de novembro de 1995). Polo tanto, si que haberá que recoñecer un certo ámbito de negociación á Corporación Local, apoiado na súa potestade de autoorganización e na capacidade de negociación das condicións de traballo, pero sempre con respecto ao cómputo anual e ás mesmas normas de equivalencia (equivalencia, que non identidade) e de redución de xornada, o que significa a posibilidade de determinación de horarios distintos ao estatal para o persoal funcionario local.

Polo tanto, a determinación da xornada de traballo é unha cuestión que non se encontra reservada á Lei, e tampouco necesariamente ao regulamento. É materia obxecto de negociación colectiva, dentro da xornada legalmente establecida de trinta e sete horas e media (establecida por Acordo do Consello de Ministros de 19 de xaneiro de 1996 -que estableceu unha xornada ordinaria semanal de trinta e sete horas y treinta minutos, con dúas horas máis de luns a vernos para a dedicación exclusiva e fixou como meta o establecemento dun horario flexible- e que polo tanto non pode ser obxecto de minoración mediante negociación colectiva). Segundo as necesidades dos servizos, cada Corporación Local, en exercicio da súa potestade organizadora, poderá establecer o horario de traballo dos seus funcionarios, atendido o interese público. Na fixación débese ter en conta o dereito ao descanso semanal de día e medio ininterrompido, xornada e horarios que deben fixarse no correspondente calendario laboral a negociar cos representantes do persoal.

A fixación dos horarios é competencia do Alcalde ou Presidente da Corporación, competencia que vén determinada, tanto pola súa condición de xefe da administración municipal como xefe superior de todo o persoal (artigos 21.1 a) e h) da LBRL).

A este respecto a meros efectos indicativos poden servir os criterios contidos na Resolución do 20 de decembro de 2005, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal civil ao servizo da Administración Xeral do Estado. Esta resolución establece, que en cómputo anual, para os funcionarios da Administración do Estado a xornada será de 1647 horas.

3ª Non obstante o anterior, o que non queda, a xuízo deste informante, dentro da autonomía local é a potestade de fixar libremente días inhábiles ou “non laborais”.

De conformidade co previsto no artigo 46 Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, en concordancia co

disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores corresponde á autoridade laboral competente, a proposta do Pleno do Concello correspondente, a determinación dos días que teñen o carácter de festas locais no municipio.

A estos efectos o artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xull sinala:

«Serán tamén inhábiles para o traballo retribuído e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición séxanlle propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente - a proposta do Pleno do Concello correspondente - e publicándose no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma e, se é o caso, no Boletín Oficial da provincia.». Estes dous días son os únicos que o Pleno da Corporación pode fixar como inhábiles.

Así no DOG núm. 227 de 19 de novembro de 2001 publicouse a Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos artigos sinalados e do artigo 2 do Decreto 350/2009, do 2 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o Concello de Fene serán festivos, a proposta do Pleno do Concello: o 17 de febreiro, “Mércores de Cinza” e 6 de agosto, “San Salvador”.

É ilegal que o Concello determine días “non laborais” ó marxe dos días legalmente declarados como inhábiles (polo Estado, Comunidade Autónoma e locais: así declarados pola Administración autonómica a proposta de cada concello). Supón ademais dun prexuízo económico para o Concello -pagar os servizos non prestados recoñecendo un dereito ós traballadores que non está permitido pola lexislación- un prexuízo ilexítimo nos cidadáns que non teñen o deber de soportar unha inactividade ilegal por parte dos servizos municipais, afectando pois ó interese xeral que debe presidir o servizo das Administracións públicas. Estes días “non laborais” non poden ser computados como inhábiles a ningún efecto -para cómputo de días en prazos ou pago dos servizos prestados neses días “non laborais” como se foran prestados fóra da xornada laboral polo mero feito de ser declarados “non laborais”-.

Conclusión:

Infórmase desfavorablemente a aprobación do calendario laboral do 2010, e advírtese á Corporación da ilegalidade deste acordo e do prexuízo patrimonial que podería derivarse da inactividade administrativa non amparada na legalidade vixente.

Fene, a 26 de xullo de 2010

O secretario

Jesús Tallón García”

“INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO.- PROPOSTA DE ACORDO DE FIXACION DO CALENDARIO LABORAL PARA O EXERCICIO 2010.

Marta Roca Naveira, Interventora do Concello de Fene, ó abeiro do disposto no artigo 214 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emite o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES

-Acordo da Mesa Xeral de Negociación de 05/07/2010.

-Proposta da Alcaldía de 21/07/2010.

INFORME

Primeiro.- Calendario laboral 2010. Neste sentido debe decirse, que a xornada de traballo dos funcionarios da Administración local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado, aplicándose as mesmas normas sobre equivalencia e redución de xornada (Art. 94 LBRL). Por acordo do Consello de Ministros de 19 de xaneiro de 1983 fixouse a xornada ordinaria semanal en 37,5 horas. Por tanto, non pode reducirse a través da negociación este número de horas.

En consecuencia, a fixación de determinados días como non laborables implica a xuicio da que suscribe o presente informe, unha redución da xornada de traballo fixada legalmente polo que de adoptarse o presente acordo debería acordarse unha redución proporcional de haberes nos termos previstos na Instrucción anual sobre confección de nóminas.

CONCLUSION

Infórmase desfavorablemente a aprobación do calendario laboral do 2010, polo que a xuízo da que suscribe, procede a non aprobación do mesmo.

Fene, a 16 de xullo de 2010.

A INTERVENTORA

Asdo.- Marta Roca Naveira.”

Ao non haber debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o asunto, ditaminado pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 30 de xullo de 2010, sendo aprobada por unanimidade dos seus membros presentes, polo que o Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar o calendario laboral para o exercicio 2010 establecendo como días non laborais os que de seguido se relacionan:

Sábado, 20 de marzo.

Sábado, 3 de abril.

Sábado, 15 de maio.

Luns, 11 de outubro.

Sábado, 4 de decembro.

Martes, 7 de decembro.

5º.- Proposta de ampliación da xornada laboral do persoal dos servizos de axuda no fogar e limpeza.

A continuación dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización e Seguridade celebrada en data 30 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo nº 16/2010 formulado pola Intervención municipal en base ás consideracións exportas na parte dispositiva da presente.

Segundo.- Amplia-la xornada laboral a partires do día 15 de setembro das traballadoras en activo do servizo de limpeza que a seguir se expresan a 37,5 horas semanais:

	D.N.I.	APELIDOS E NOME
--	---------------	------------------------

1.	33245667H	CASDELO CAAMAÑO MERCEDES
2.	32636558L	GRUEIRO OTERO VISITACIÓN
3.	32649711S	LÓPEZ GÓMEZ ROSARIO
4.	32613190H	LÓPEZ PICO JOSEFINA
5.	32639147P	VARELA CABEZAL MARÍA
6.	32634298N	VILARIÑO CERNADAS M CARMEN

Terceiro.- Amplia-la xornada laboral a partires do día 15 de setembro de 2010 das traballadoras do servizo de axuda no fogar que a seguir se expresan a 37,5 horas semanais:

N Ord	D.N.I.	APELIDOS E NOME
1	32588330K	RODRIGUEZ RODRIGUEZ MARINA
2	76400752L	CORRAL CORRAL M LUZ
3	32660210A	PUENTE PRIETO VERÓNICA
4	32647898L	VIZOSO TELLADO EVA M
5	76403881C	LOPEZ PENA MERCEDES
6	32615859L	FERNÁNDEZ AMBROA CARMEN

Consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención que copiado literalmente di:

“INFORME CONXUNTO DE SECRETARIA E INTERVENCION (REPARO 16/2010)

ASUNTO.- AMPLIACION XORNADA LABORAL A PERSONAL DE LIMPEZA E AXUDA NO FOGAR.

ANTECEDENTES

-Acta da Comisión Negociadora de 30/11/2009 pola que se acorda a ampliación da xornada laboral a diversos traballadores dos servizos de axuda no fogar e limpeza.

-Proposta formulada polo Concelleiro D. Juan M. Lourido Glez. de 21/12/2009.

-Proposta da Alcaldía de 22 de decembro de 2009.

-Proposta da Alcaldía de 14 de xullo de 2010.

-Contratos de traballo subscritos entre o representante do concello: e Dona M^a Luz Corral Corral en data 18/04/1994 especificando a cláusula sétima que obxecto do contrato é de obra

ou servizo e a súa duración extenderase dende o 18/04/1994 ata finalización do servizo ou mentres que exista subvención para o servizo de axuda a domicilio), Dona Verónica Puente Prieto en data 18/04/1994, determinado a cláusula octava que o obxecto do contrato é de obra ou servizo e a súa duración extenderase dende o 18/04/1994 ata finalización do servizo ou mentres exista subvención para o servizo de axuda a domicilio; Dona M^a Carmen Vilariño Cernadas de 01/12/1987 cuxa cláusula sexta establece que a duración do contrato será de períodos discontinuos indefinidos e a sétima que o obxecto do contrato é para servizo determinado de temporada escolar e a súa duración extenderase indefinido; Dona María Varela Cabezal de 10/01/1986, cuxa cláusula sexta establece que a duración do contrato será de períodos discontinuos indefinidos e a sétima que o obxecto do contrato é para servizo determinado de temporada escolar e a súa duración extenderase indefinido; Dona Visitación Grueiro Otero de 10 de xaneiro de 1986, cuxa cláusula sexta establece que a duración do contrato será de períodos discontinuos indefinidos e a sétima que o obxecto do contrato é para servizo determinado de temporada escolar e a súa duración extenderase indefinido; Dona M^a Carmen Fernández Ambroa en data de 12/06/1995 especificando a cláusula cuarta que o obxecto do contrato é para obra ou servizo e se estende dende o 12/06/1995 ata a finalización do servizo ou mentres exista subvención para o servizo de axuda a domicilio; Dona Mercedes López Pena en data 11/11/1994 cuxa cláusula octava determina que o obxecto do contrato é eventual por circunstancias da produción para a realización de traballos de auxiliar de axuda no fogar para o servizo de axuda a domicilio, por acumulación de tarefas ou se amplía-lo servizo por mor da subvención recibida para o mesmo, e a súa duración extenderase por seis meses do 11/11/1994 ata o 10/06/1995. Non constando ningún outro contrato formalizado coa traballadora, figurando, non obstante o anterior, segundo información facilitada polo programa de nóminas AGORA unha data de antigüedad/alta na empresa do 11/05/1995; Dona Eva M^a Vizoso Tellado con data de 02/01/1995 cuxa cláusula octava establece que o contrato é de obra ou servizo e a súa duración extenderase desde o 2 de xaneiro de 1995, ata finalización do servizo ou mentres exista subvención para o servizo de axuda a domicilio; Dona Marina Rodríguez Rodríguez con data de 02/01/1995 cuxa cláusula octava establece que o obxecto do contrato é de obra ou servizo e a súa duración extenderase dende o 2 de xaneiro de 1995 ata finalización do servizo ou mentres exista subvención para o servizo de axuda a domicilio.

En último termo, indicar que polo que respecta ós contratos de traballo de Dna. Mercedes Casdelo Caamaño, dona Rosario López Gómez e dona Josefina López Pico, os mesmos non foron remitidos a esta Secretaría e Intervención para o seu estudo. Non obstante o anterior, estas tres traballadoras teñen contratos laborais fixos.

NORMATIVA

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
 - RDL 2/2004, de 5 de marzo.
 - Lei 7/2007, de 12 de abril, do EBEP.
 - RDL 1/1995, de 24 de marzo, do ET.
 - Lei 30/1984, de medidas de reforma da Función Pública.
 - RDL781/1986, de 18 de abril, TRRL
 - Lei 5/1997, LALG.
 - Lei 13/2007, de 27 de xullo, da función pública de Galicia.
 - Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2010.
- E demais normativa de aplicación.

INFORME

Con carácter previo ao que se dirá cómpre sinalar que nalgún caso (traballadoras do servizo de limpeza fixos-discontinuos) os contratos coas traballadoras cuxa xornada se propón ampliar foron subscritos no seu día sen que teñan constancia os que subscriben de que con carácter previo se tiveran realizados procesos selectivos que garantizasen os principios

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, o que infrinxe a legalidade e supón que nos atopamos ante contratacións realizadas en fraude de lei.

Primeiro.- Natureza das contratacións. Na proposta da Alcaldía examinada inclúese a ampliación de xornada a personal laboral fixo e personal laboral temporal. Así teñen a consideración de personal laboral fixo Dna. Rosario López Gómez, Dna. Josefina López Pico e Dna Mercedes Casdelo Caamaño, resultando o resto de contratos como laborales temporales.

Segundo.- Relación de postos de Traballo. Por outra banda, en relación co tema da creación, supresión, ou modificación de postos no proxecto de orzamentos, é necesario poñer de manifesto que o Concello non conta con Relación de Postos de Traballo, que debería ser formada dacordo co previsto no artigo 90.2 da Lei 7/85, e a través da cal deberían levarse a cabo as creacións, supresións e modificacións dos postos de traballo, e na que se deberían concretar os requisitos para o desempeño dos postos, funcións e consecuentemente a valoración económica e non a través do anexo de personal do orzamento (que non é mais que un reflexo orzamentario da valoración económica dada a un posto). Trátase pois dun instrumento de especial importancia para a xestión de tódolos expedientes relativos ó persoal municipal que debe ser elaborado e aprobado con urxencia. Polo tanto resultaría mais adecuado esperar á elaboración deste documento e a partir deste momento levar as tarefas de creación, supresión e modificacións dos postos de traballo.

Terceiro.- O art. 177 do Texto Refundido de Réxime Local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, determina que o réxime do personal laboral das Entidades Locais será na súa integridade o establecido na lexislación laboral, polo que, en canto á modificación da xornada de traballo, dende o punto de vista da lexislación laboral, , é considerada polo artigo 41 do ET, como modificación sustancial das condicións de traballo, para o cal deberá darse cumprimento ó establecido no mesmo.

Ademais, é necesario que a modificación da xornada de traballo e a súa ampliación a xornada completa debe quedar acreditada no expediente de modificación de plantilla e, no seu caso, na relación de postos de traballo (que no caso do Concello de Fene, tal e como se expuxo non existe) xa sexa por un maior volume de traballo nos postos ou por outras circunstancias debidamente acreditadas.

O procedemento a seguir é o da modificación da plantilla a aprobar con ocasión da aprobación do Orzamento, dacordo cos artigos 90.1 da LBRL, 126 e 127 do TRRL e 14.5 da Lei 30/1984.

En todo caso, o procedemento exposto é de aplicación para os supostos de que o contratado sexa personal laboral fixo da plantilla, pois **no caso do personal temporal**, a xuízo desta Secretaría e Intervención, **non se considera procedente** por canto varía o obxecto do contrato ó ampliálo a outras tarefas distintas, e todo elo sen olvidarse que en tódolos casos (axuda no fogar e servizo de limpeza) estamos ante necesidades permanentes, polo que o procedente non é a ampliación da xornada senón a creación dunha praza a tempo completo na plantilla de personal laboral fixo, e cubrila regulamentariamente.

Por outra banda, o feito de que algunha das traballadoras, ben dende un primeiro momento, ou ben como consecuencia de diversos contratos sucesivos continúan desempeñando o mesmo posto de traballo desde hai varios anos- en algúns casos moitos- evidencia, a xuízo dos informantes, que responden a necesidades permanentes, polo que nos casos dos contratos temporais estase a encubrir unha contratación indefinida (no caso das traballadoras Dona M^a Carmen Vilariño Cernadas , Dona María Varela Cabezal , Dona Visitación Grueiro

Otero os contratos iniciais xa se subscribiron cunha duración indefinida), prohibida expresamente polo artigo 10.4 do Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia.

Exposto canto antecede, e á vista das irregularidades detectadas nas contratacións laborais examinadas debe advertirse que, a xuízo dos que subscriben, ditas relacións laborais, por efecto destas anomalías, poden terse convertido en indefinidas (en algúns casos indefinidas discontinuas).

O artigo 15.3 establece que se presumirán indefinidos os contratos de duración determinada realizados en fraude de lei e o apartado 5 do mesmo artigo sinala que: os traballadores que nun período de trinta meses estivesen contratados durante un prazo superior a vinte e catro meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa (ou grupo de empresas segundo a redacción dada polo D.- lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo («B.O.E.» 17 xuño)), mediante dous ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos. Este artigo resulta de plena aplicación ás administracións públicas, segundo reiterada xurisprudencia que aclara, como veremos de seguido, que tal actuación nin equipara a estos contratos aos de fixos en plantilla, nin exonera ao Concello ao cumprimento da obriga legal e constitucional de cubrir estas prazas mediante os procedementos legalmente establecidos.

Esta liña xurisprudencial iníciase coa Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de outubro de 1996, que realizando unha interpretación integradora da lexislación laboral e administrativa, declara que *“la contratación laboral en la administración pública al margen de un sistema adecuado de ponderación de mérito y capacidad impide equiparar a los demandantes a trabajadores fijos en plantilla, condición ligada a la contratación por el procedimiento reglamentario, sin perjuicio de su consideración, en su caso, como trabajadores vinculados por un contrato de trabajo por tiempo indefinido”*.

O que non aclaraba esta doutrina xurisprudencial era a distinción entre o carácter indefinido do contrato e a fixeza en plantilla, así como as súas consecuencias. Delo se ocupa a Sentencia do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 1998 que declara *“ El carácter indefinido del contrato implica desde una perspectiva temporal que éste no está sometido, directa o indirectamente a un término. Pero esto no supone que el trabajador consolide, sin superar los procedimientos de selección, una condición de fijeza en plantilla que no sería compatible con las normas legales sobre selección de persoal fijo en las Administraciones Públicas. En virtud de estas normas, el organismo afectado no puede atribuir la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que, por el contrario, está obligado a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esta provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato”*.

A partires destas consideracións, véñse insistindo pola xurisprudencia que o uso fraudulento das normas que regulan os contratos temporais non poden saldarse na Administración Pública na fixeza de plantilla, senón na consideración no nexo laboral como indefinido, vendo obrigada a Administración a cubrir estas prazas polo procedemento legal, se obedecen a necesidades permanentes do Concello ou, do contrario, a amortizalas, extinguindo os correspondentes contratos, sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar .

A través das distintas prórrogas dos contratos laborais temporais ou mediante a continuidade dun contrato temporal no que concorre a situación que describe o artigo 15 do ET prodúcese un incumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade que a lexislación básica reconece (artigo 1 do EBEP por exemplo); supón

tamén incumprimento do principio en virtude do cal a Administración non pode ir contra os seus propios actos (adoptar decisións que supoñan o nacemento das circunstancias sinaladas no artigo 15.5 supón contravir o acordo inicial dunha contratación temporal ó “transformar de facto” a relación xurídico-laboral sen un procedemento axeitado); implica un grave perxuízo económico que pode derivar da conversión en indefinidos -por resolución xudicial-, toda vez que ditos traballadores non son fixos. Para o caso de que se modificase a plantilla de persoal -xa que non existe neste Concello o instrumento axeitado: a relación de postos de traballo-, sería preciso proceder á selección de persoal de conformidade cos principios de mérito, capacidade, igualdade e non discriminación. Si os traballadores que, tras a oportuna declaración xudicial do seu carácter de indefinidos, non son seleccionados, podería producirse graves perxuízos económicos para o Concello baixo a forma de indemnizacións no caso de considerarse despido improcedente, máis elevadas canto maior sexa o tempo traballado no Concello.

Polo exposto, entenden os que subscriben que, de atoparse xustificada obxectivamente a necesidade, **o Concello está obrigado legalmente a cubrir as prazas que obecezan a necesidades permanentes** seguindo os procedementos legalmente establecidos dacordo cos citados principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, previa inclusión das mesmas na oferta de emprego público e posterior proceso selectivo, xa que, tal e como sinalamos, o artigo 10 do real decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, dispón que a Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal.

En consecuencia, ao non ter parte das traballadoras ás que se refire a proposta da Alcaldía a condición de persoal laboral fixo, infórmase que non se axusta á legalidade a ampliación da xornada laboral que se propón. En todo caso, de obedecer a necesidades permanentes, o procedente é a inclusión das prazas en oferta de emprego público (previa a modificación da plantilla de persoal) e a provisión das mesmas a través dos procedementos legalmente establecidos, dando cumprimento aos principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como ao de publicidade.

Se ben o criterio dos que subscriben quedou exposto, para o caso de que fose outro o criterio da Corporación, infórmase da necesidade de dar cumprimento, con carácter previo a adopción do acordo que se propón, aos trámites aos que se fixo referencia , (a modificación da plantilla de persoal para o cal deben seguirse os mesmos trámites que a aprobación do presuposto: aprobación inicial (previo ditame da comisión informativa de facenda) polo Pleno da corporación, exposición pública durante un prazo de 15 días e resolucións de alegacións e aprobación definitiva polo pleno da Corporación.

Debe recordarse neste punto, e debido á íntima relación co caso que nos ocupa, o **principio xeral de responsabilidade das autoridades e personal das Administracións Públicas** polos danos que se produzan á Facenda Pública así como a obriga de indemnizar prevista nos artigos 176 da LGP (Lei 47/2003, de 26 de novembro) e 145 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

CONCLUSIÓN

En atención ó exposto, **infórmase desfavorablemente** (con efectos suspensivos no caso do Informe da Intervención) a proposta de ampliación da xornada laboral ás traballadoras dos servizos de axuda no fogar e limpeza, polo que non procede a aprobación da proposta da Alcaldía de 14/07/2010.

É o que expoñemos neste informe que sometemos a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

En Fene, a 19 de xullo de 2010.

O SECRETARIO

A INTERVENTORA

Asdo.- Jesús Tallón García

Asdo.- Marta Roca Naveira”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que neste punto hai un compromiso, e pide que así conste en acta, de que ademais de facer efectiva a xornada completa, que se siga cumprindo o resto dos acordos, na liña do falado no punto da aprobación dos orzamentos, para que se fagan esas bolsas para substitucións, que entenden moi necesarias.

De seguido pido o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido, di que segundo o aprobado en Comisión por unanimidade e na propia acta da Comisión tamén consta a salvedade que fixo a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente respecto do xeito en que eles debían facer isto e non descartaba tampouco por completo a subcontratación cunha empresa externa para momentos puntuais, e que no tema de contratación que non se produzan os defectos que se veñen observando dende os informes de Intervención.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o asunto, ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de xullo de 2010, sendo aprobada por unanimidade dos seus membros presentes, polo que o Pleno acorda:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo nº 16/2010 formulado pola Intervención municipal en base ás consideracións exportas na parte dispositiva da presente.

Segundo.- Amplia-la xornada laboral a partires do día 15 de setembro das traballadoras en activo do servico de limpeza que a seguir se expresan a 37,5 horas semanais:

	D.N.I.	APELIDOS E NOME
1	33245667H	CASDELO CAAMAÑO MERCEDES
2	32636558L	GRUEIRO OTERO VISITACIÓN
3	32649711S	LÓPEZ GÓMEZ ROSARIO
4	32613190H	LÓPEZ PICO JOSEFINA
5	32639147P	VARELA CABEZAL MARÍA
6	32634298N	VILARIÑO CERNADAS M CARMEN

Terceiro.- Amplia-la xornada laboral a partires do día 15 de setembro de 2010 das traballadoras do servico de axuda no fogar que a seguir se expresan a 37,5 horas semanais:

N Ord	D.N.I.	APELIDOS E NOME
1	32588330K	RODRIGUEZ RODRIGUEZ MARINA
2	76400752L	CORRAL CORRAL M LUZ
3	32660210A	PUENTE PRIETO VERÓNICA
4	32647898L	VIZOSO TELLADO EVA M
5	76403881C	LOPEZ PENA MERCEDES
6	32615859L	FERNÁNDEZ AMBROA CARMEN

6º.- Desafectación parcial do préstamo BCL/08.

A continuación dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 6 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros no exercicio 2008:

- Novas inversións a dotar:

Nº	Proxecto	Denominación	Importe (€)
10 a		Dirección/red. prox ampliación obras plaza Ameneiral	3.485,11
10b		Obra colocación barandilla Sillobre	8.062,00
10c		Recollida pluviais e pavimentación R/Brea	7.250
10d		Cambio luminarias en Perlío	7.069,04
10e		Obras reposición canalización Río Cádavo	22.450,00
10f		Suministro toldo escola infantil	3.190,00
10g		Suministro escultura	4.268,00
10h		Suministro mobiliario biblioteca	1.990,00
8b		Honorarios dirección obra e coordinac. Campo futbol	22.205,75
10i		Obras pavimentación accesos praia Río Sandeo	9.510,84

TOTAL-----
89.480,74 €

- Inversións substituídas polas anteriores:

Denominación	Importe (€)
Transferencia concello de Ares	89.480,74

TOTAL----- 89.480,74

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.”

Consta no expediente informe da Intervención que copiado literalmente di:

“DONA MARTA ROCA NAVEIRA, en calidade de Interventora de Fondos do Concello de Fene, e en relación ó estado de situación do préstamo número 95/45849477 concertado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros, INFORMO:

PRIMEIRO.- Que dos antecedentes que obran no meu poder, e salvo erro ou omisión involuntaria, (datos suministrados pola Contabilidade dos exercicios 2008 a 2010 e polo Estado de situación dos proxectos de gasto con financiación afectada financiados con este préstamo, éstos arrojan o seguinte grado de execución en canto ó traspaso a orzamento dos fondos afectados correspondentes a dita operación de préstamo:

Nº proxecto/partida orzamentaria	Denominación	Importe financiado co préstamo (€)	Importe disposto préstamo (€)	Obrigas recoñecidas e financiadas co préstamo (€)	Remanente de crédito financiados con préstamo (€)
161/762.00	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Transferencia Concello de Ares	334.596,29	334.596,29	0,00	399.000,00
	PCP 2007: Muro de contención do camiño das Chancas	64.403,71	64.403,71	0.00	0.00
TOTAL		399.000,00	399.000,00	0,00	399.000,00

TOTAL CREDITO DISPOSTO E NON EMPREGADO PARA FINANCIAR INVESTIMENTO.- 399.000,00 EUROS

SEGUNDO: Que o importe disposto atópase contabilizado na conta 91300 e que ascende a 399.000,00 €.

Fene, a 18 de xuño de 2010.
A INTERVENTORA
Asdo.- Marta Roca Naveira”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que coma os puntos seis ao doce están relacionados e o seu grupo quere facer unhas emendas aos puntos seis, oito, nove e once, presenta conxuntamente as emendas e aproveita para ler as catro.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que si lle parece ben a todos os grupos debater neste punto todo o que haxa do sobre o extraxudicial e presentar as emendas que haxa, deciden e logo aproban os puntos en bloque, xa que efectivamente están relacionados todos os puntos.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, pasa a dar lectura das emendas presentadas, que transcritas literalmente din:

“Manuel Polo Gundín, voceiro do GM do BNG no concello de Fene, presenta unha emenda de modificación do punto número 6 da orde do día nos seguintes termos.

6.-Desafección parcial do préstamo BCL/08

Preséntase unha proposta de emenda á modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 por un valor inicial de 89480,74 €

ENMENDA

Suprimir das inversións a dotar coa modificación de finalidades os proxectos que de seguido se detallan. Proxectos 10b, 10c, 10e, e 10i que suman un total de 47.272,84, resultando a modificación de finalidades do préstamo por un valor final de 42.207,9€ e nos proxectos 10a, 10d, 10f, e 10g

Fene 3 de Agosto do 2010

O voceiro

Manuel Polo Gundín”

“Manuel Polo Gundín, voceiro do GM do BNG no concello de Fene, presenta unha emenda de modificación do punto número 8 da orde do día nos seguintes termos.

8.-Expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario 2/2010

ENMENDA

Minorar as partidas que se detallan no cadro dos 67.274,99 € iniciais en 47.272,84 € resultando a proposta modificada de Expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario 2/2010 por 20.002,15€ segundo as aplicacións orzamentarias que se reflicten.

APLIC.ORZT.	CONCEPTO	IMPORTE inicial	IMPORTE minorado
151/619.02	URBANISMO. INVESTIMENTOS	8.062,00	8.062,00
161/623.00	SANEAMENTO, ABASTECEMTO E DISTRIBUCIÓN DE AUGA	7.250,00	7.250,00
179/619.00	OUTRAS ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO MEDIO AMBIENTE	22.450,00	22.450,00
453/619.01	CARRETERAS. INVESTIMENTOS	9.510,84	9.510,84
TOTAL a minorar 47.272,84			

Fene 3 de Agosto do 2010

O voceiro

Manuel Polo Gundín”

“Manuel Polo Gundín, voceiro do GM do BNG no concello de Fene, presenta unha emenda de modificación do punto número 9 da orde do día nos seguintes termos.

9.-Expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito 4/2010

ENMENDA

Minorar as partidas que se detallan no cadro do total dos 287.100,52€ en 43852,09, resultando a proposta modificada de Expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito 4/2010 por 243.248,43 € segundo as aplicacións orzamentarias que se reflicten.

APLIC.ORZT.	CONCEPTO	IMPORTE INICIAL	IMPORTE A MINIRAR
241/22706	Fomento do emprego.estudios e traballos técnicos	17.099	17.099
323/22700	Promoción educativa.Limpeza e aseo	20.271,33	20.271,33
334/22799	Promoción da cultura.Outros servizos	28.181,15	3.296,72
920/22700	Administración xeral. Limpeza e aseo	2.800,82	2.800,82
912/22601	Órgaos de goberno.Atencións protocolarias	510,77	384,22
			43.852,09 €

Fene 3 de Agosto do 2010
O voceiro
Manuel Polo Gundín”

Continúa o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín que manifesta que do que se trata nestes puntos seis, sete, oito, nove e dez, basicamente é para que se entenda máis alá da propia terminoloxía, liberar cartos para o pagamento das facturas que se relacionan no punto número once. Di que a súa emenda para o punto once, por facer debate no seu conxunto, establecen unha emenda global de noventa e cinco mil seis centos sesenta e oito con oitenta e un euros nunha serie de facturas que entenden que non se deron explicacións razoables, que carecen dos procedementos de contratación axeitados, e incluso de moitas delas, dubidan de que se realizasen nos termos que se expresan nas facturas. Continúa dicindo que no Pleno de novembro de dous mil nove xa emendaran en trinta mil euros aproximadamente un expediente extraxudicial e viron que parte de aquelas facturas polas que se pediron explicacións foi dada e que outra parte moi importante, non é que non se lles dera explicacións é que aínda lles preocupou máis o informado. Di que no punto número seis respecto da desafectación parcial do préstamo correspóndese con todas aquelas facturas que están no punto número once, a primeira, segunda, terceira e cuarta, os proxectos B, C, D e I, exactamente polos mesmos importes e que fundamentalmente son obras realizadas sen proxectos, sen memorias, sen orzamentos contrastados, sen dotación económica, sen absolutamente ningún rigor nin control e eles o que queren é que se expliquen todas e cada unha delas polas persoas que as asinaron, é dicir, o concelleiro ou o alcalde que asumiu a responsabilidade da súa sinatura que lles explique o contido na Comisión Informativa desas obras, xa que eles non acreditan o seu valor nin a súa execución material conforme as cantidades que aí se manifestan. Di que o que se trata no punto número seis é de desafectar o crédito da depuradora para unha serie de obras e que eles nesas catro non está de acordo polo que piden respecto do punto número seis que esa desafectación parcial se reduza a corenta e dous mil euros con proxectos concretos, cos que non terían problema en que avansasen e que se paralizase a desafectación nesa outra cantidade exposta.

Prosegue o concelleiro Manuel Polo Gundín dicindo respecto do punto número sete que se trata dun suplemento de crédito ao que non presentan ningunha emenda; que respecto do punto número oito, o suplemento de crédito extraordinario 2/2010, si teñen unha emenda de redución por corenta e sete mil euros polas mesmas obras que se desafectan do punto número seis, é dicir, no punto seis se desafectan e no punto oito se consignan as partidas. Respecto ao punto número nove sobre o suplemento de crédito 4/2010 di o voceiro que se trata dun conxunto no que se fai o pagamento do fomento de emprego, cunha factura de

dezasete mil noventa e nove euros á Institución de Formación e Estudos Sociais por un curso de crear emprego e que para eles é un curso fantasma, xa que o único que se lles pasou foi unha relación de alumnos e de gastos de sesenta e nove mil euros e o número de alumnos que remataron o curso, que foron nove e lles parece absolutamente inustificable e desproporcionado porque non se explica qué fixo cada quen nese caso e non saben quen deu as clases, quen contratou aos mestres, quen pagou o material e que só hai unha relación de gastos pura e dura e eles, con esta explicación, están aínda máis preocupados, xa que ven que se pagou unha factura de cincocentos trípticos a dezaioito euros cada un que xa está pagada. Sinala respecto de todas aquelas facturas de limpeza deste edificio e dos colexios que se dotan no punto número nove, que eses servizos foron prestados por tres empresas que son a mesma empresa e que superan por moito o contrato menor, as contratacións puntuais, repeténdose e que duplican e triplican incluso facturas no mesmo centro. Di o concelleiro que hai cuestións que non son dende o seu punto de vista aceptables e que as explicacións que se dan, que é o que máis lles preocupa é que se limpan no Ramo o pavillón, que leva tres anos pechado, polo que piden que iso se explique outra vez coas facturas, xa que a explicación dada non lla creen. Di que sae a dezasete euros a hora de limpeza, que si se suman as horas que dixo o goberno municipal dos partes da empresa e se dividen entre os cartos a pagar, sae a dezasete euros a hora, polo que pregunta qué convenio colectivo se aplica a ese persoal, xa que está seguro de que o de limpeza de edificios é bastante menos que mileurista, que a ese prezo o traballador ou traballadora pode cobrar a dez ou once euros á hora e di que hai marxes comerciais que non comparte, que por ese prezo se contratan traballadores públicos e sobran cartos, polo que o BNG pensa que non existe claridade, nin control, que non sabe si esa xente está de alta ou non e que é unha cuestión de crenza, que pensan que se fixo e pagan e dende o punto de vista do BNG non pensan que se fixera nestes termos e se se fixo esixen que se explique. Di que hai unha partida dos órganos de goberno de cinco centos dez con setenta e sete euros dos que emendan tres centos oitenta e catro con oitenta e dous que son as mesmas facturas das que se lles dá unha explicación terrible, que el coma concelleiro non quere pasar o bochorno de traer aquí trescentos oitenta e catro euros de viños e tapas, explicadas por un concelleiro dimitido dun xeito e logo explicadas polo alcalde doutro xeito e que por iso, dende o BNG, porque é unha época de crise e coma teñen tantos provedores pendentes de pagamento, entenden que non se poden modificar créditos para destinar cartos a estas partidas e que esas facturas hai que paralizalas e darlles unha análise concreta e polo miúdo, e dende o BNG o que queren é que se traia todo o extraxudicial e non por sorpresa nin por presión, que se leven á Comisión, que se explique o que se debe de anos anteriores e porqué se fixo así, que se non sabían máis os que contrataron a ollo igual o terían que asumir, que eles se absterían, pero que o teñen que asumir nunha Comisión e nun Pleno municipal, xa que, segundo di o concelleiro, de pouco vale que se leve mesturado nunha orde do día de doce puntos para intentar colar facturas polo medio, que seguro que algunha colarán co mesmo e escaso rigor e criterio. Di que revisadas esas facturas para o BNG non se deben dotar de momento, hai que traer todas, que non saben si estas están por orde ou non, que descoñecen si o que queda é o que di o alcalde que son proxectos e memorias, que xa ven que van algunhas, e se van pagar, que entenden que hai que pagalas se eses proxectos están realizados e que moitas son de obras de proxectos feitos; que unha parte moi importante do extraxudicial son facturas de Fenosa, gasóleo, que niso non ten responsabilidade o Concello de que leve subido un vinte e cinco por cento nos últimos tempos, pero a outra parte si que a ten, polo que esixen unha explicación na Comisión Informativa, xa que na última reunión que tiveron co concelleiro de Facenda lles dixo respecto destas facturas que as emendaran se querían, e por iso aquí está a emenda e que non teñen máis marxe de manobra, que ou se explican porque se fixeron as cousas ou eles emendan e se paran e di que as empresas as que se paralicen facturas que non ten ningún problema en que falen co BNG, que eles se fan responsables do que se para pero non son responsables das contratacións irregulares, ou por enriba do orzamento, nin da falla de transparencia absoluta, coma a que tivo, di o concelleiro, o equipo de goberno neste ano e

medio de xestión municipal, que por iso aínda teñen este paquete de facturas aquí e aínda queda medio millón de euros, máis todo o que queda do ano dous mil dez, que descoñecen, e que tamén empezarán a pedir para saber si este orzamento que acaban de aprobar ten capacidade de ser asumido.

A continuación intervén o alcalde para dicir que a proposta do goberno, xa que non ten dúbida da transparencia, rigor e a veracidade das facturas que se someten á aprobación do Pleno é manter o acordo tal e coma se presentan e mantelo así, pero como hai emendas presentadas, os demais grupos deberán dicir tamén si se pasa a debater o acordo coa incorporación das emendas que presenta o BNG, para as incorporar ou debater o acordo tal e coma se presentan ao Pleno.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que están de acordo coas emendas do BNG.

Seguidamente pido o uso da palabra o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que acepta as emendas en conxunto do BNG.

Rematado o debate, a Presidencia somete á votación ordinaria a introdución da emenda proposta polo grupo municipal do BNG ó ditame da comisión informativa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), (dos Sres/as Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Polo Gundín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Sete (7), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Abstencións: Ningunha

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que eles en Comisión mantiveron posturas concretas destes asuntos e aceptan a emenda presentada polo BNG respecto da supresión e xustificación das facturas relacionadas na propia emenda e que afectan ao punto sexto e ao oitavo por corresponder ao tema anterior. Di que respecto dos cursos eles tamén pediron a xustificación, e dende aquela, tamén teñen pedido na Comisión de hai dous meses e por escrito cales son os criterios para facer o pagamento dunhas facturas si e outras non, e as prioridades que se estaban a dar, xa que se estaban incluíndo facturas moi recentes con facturas de hai anos. Respecto das facturas da empresa de limpeza esinala o concelleiro que están de acordo coa emenda, e cren que por prudencia é necesario reter eses importes porque moito se temen que puidera ser, ao mellor, que se deran algún tipo de irregularidades nas que o Concello resultara responsable subsidiario desa empresa, por reclamacións dos traballadores perante o Xulgado do Social, e polo menos, mentres se estea investigando que se reteñan os cartos. Por outra banda, di o concelleiro que lle recorda tamén ao BNG que tamén teñen a súa parte de responsabilidade na xeración deste tipo de gasto e na contratación destas tres empresas, xa que estiveron dous anos no goberno e que reiteran o dito na Comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que hai quince facturas que pola contía que teñen non lle parece moi correcto perder o tempo nelas e hai outras que pola súa contía haberá que as mirar, que o

que se ve tamén é que quitando a doce, todas as demais veñen con informe positivo, e recorda da derradeira Comisión que eran as que se referían ao tema das flores.

A continuación toma a palabra o alcalde que di que dende o grupo de goberno non teñen ningunha dúbida das facturas presentadas a este Pleno no procedemento extraxudicial, en canto a transparencia, pensa que este goberno dende que chegou no ano dous mil sete fixo dúas cousas, a primeira facer as follas de autorización de gasto para ir controlando día a día o gasto que se vai producindo no Concello e a segunda, que os expedientes de recoñecemento extraxudicial puidesen vir ao Pleno da Corporación para que puideran ser aprobados. Di que recorda que nos últimos catro anos, cando estivo na oposición e gobernaba o BNG non houbo nin un só expediente extraxudicial aprobado no Pleno, xa que se aprobaban unilateralmente na Xunta de Goberno, non se sometían a consideración dos grupos políticos da oposición, e se iso é máis transparencia que a que fai este goberno que se lle explique, xa que non o entende así; que en todo caso asumiron ese compromiso e a tarefa de traer ao Pleno as facturas en extraxudiciais, para que sexa o conxunto da Corporación a que decida coma pagar esas facturas, que o fixeron o ano pasado antes de que rematase o ano dous mil nove, asumindo o pagamento de todas as facturas, agás un reducido número que veñen agora ao Pleno, porque había certos interrogantes sobre o contido daquelas, que se fixeron os pagamentos de todas as facturas anteriores ao ano dous mil nove, incluso algunhas de antigas Corporacións que se puxo á débeda cos provedores a cero practicamente nese ano dous mil nove e en vez de pagar facturas deste ano sen traelas ao Pleno e minorar o extraxudicial, que o poderían facer sen ningún tipo de problema, pereceulles máis coherente, máis obxectivo e dende logo máis prudente para as arcas municipais pagar a débeda máis antiga que tiña o Concello, aínda sabendo que o extraxudicial sería maior, e que se conseguiu reducir nunha cantidade moi importante a débeda a provedores e daquela tamén o BNG e o PP pactaron unhas facturas para deixalas fóra dese acordo, desas facturas se pediron explicacións e ao elaborar este novo expediente de modificación de créditos se volve a pretender incluír o pagamento desas facturas por antigüidade basicamente e por un servizo que está prestado, que no caso dos da limpeza, que son as que semella que presentan máis reticencias, se pasan incluso os partes asinados polas traballadoras e traballadores da propia empresa, con horas concretas, días, sitios, lugares nos que se produce o servizo, e en todo caso, si se considera agora que non é dabondo a explicación, aínda que non recorda noutras ocasión similares explicacións tan puntuais, máis detalladas e máis concretas, pero si se considera que aínda así é insuficiente, á oposición por explicar, por dar información, por ir a Comisión Informativa as veces que queiran a contar o que se fixo ou non, non van ter ningún problema. Di que hai cen mil euros que a oposición non quere pagar, que serán cen mil euros máis de débeda no Concello que dende logo non serán culpa nin responsabilidade deste grupo político que fixo o acopio de cartos necesario para poder traer ao Pleno e poder saldar esas débedas e que o que se pregunta as veces é se o que molesta é reducir a débeda. Di que no ano dous mil seis cando non gobernaba o seu partido político había unha débeda do noventa e oito por cento e agora é do vinte e nove por cento, que o compromiso de saneamento da economía municipal é un dos que máis firmes que asumiron, dos máis claros e dos que van seguir cultivando e traballando. Di que a débeda a provedores é unha parte importante desa débeda e que aínda ten o Concello a día de hoxe. Repite o alcalde que se hai que dar máis explicacións e non está suficientemente claro ou ben explicado para algúns grupos políticos o contido desas facturas, eles acudirán á Comisión Informativa a explicar o contido desta e intentar que decidan nalgún momento pagar este tipo de facturas por servizos prestados ao Concello. Di que o que lle parece importante, á vista da intención de prosperar este acordo emendado, e que varios centos de miles de euros vanse poder pagar froito deste acordo plenario e os que queden pendentes, unha parte para seren explicados e outra parte, coma se dixo, son as facturas por redacción de proxectos e direccións de obra do Plan E do ano pasado, que se pagarán coa subvención da Deputación Provincial da Coruña no momento no que sexa ingresada ao Concello de Fene e a outra parte, que é a menor,

segundo indica a memoria da Alcaldía do orzamento, coas máis que previsibles e realistas baixas de execución do orzamento, que se producen todos os anos, poderán ser pagadas. Conclue dicindo que o voto do seu grupo vai ser a favor do pagamento da parte que queda con este acordo emendado.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que non funciona por unha cuestión de fe e o seu grupo político tampouco, que as explicacións que lles dan, e están no expediente:, dezasete euros a hora, limpadores, hora de entrada as catro, saída as oito e media, Ramo máis Pavillón, e di que isto non se explicou, que o Pavillón leva pechado máis de tres anos e pregúntase para qué se limpou o Pavillón, quén o limpou, quén o mandou limpar e para qué e di que iso é un exemplo, e cita a colocación de varanda por oito mil euros, e pregunta a quén se lle pediu orzamento, se a varanda foi feita no taller do Concello e despois colocada por unha empresa. Di que logo aparecen aglomerados dos que non hai facturas feitas por unha empresa, que eses son dous exemplos das súas preocupacións, e existen un grupo de facturas que ademais o anterior voceiro do Partido Socialista dixo que fóra comer con non sabe quen e o alcalde dixo que fóra comer con outras persoas e que o teñen por escrito. Di que para o BNG que andar con esas miserias de trinta ou corenta euros lles parece vergonzoso e terrible e que se diga claramente para o que é, que ese señor foise de aquí e agora ven liquidar unha conta, correcto, alá cada un coa súa conciencia, pero o que non se pode traer a un Pleno e aínda encima a explicación que se lles dea non coincida co que asinou o concelleiro nun primeiro momento. Di que respecto dos dezasete mil noventa e nove euros do Instituto de Formación de UGT, que están na mesma situación, que non saben o que é, que non se lles explicou, que non saben si foi para contratar persoal, se foi para facer un estudo de persoal. Solicita respecto do que dixo o sr. alcalde de que irán tantas veces coma sexa necesario a dar explicacións con que vaia unha soa vez e que se lles explique, que non queren traer isto sistematicamente ao Pleno, que se trata de facer as cousas ben, ordenadamente e todo o que falta que se explique con que cartos se van pagar e que se traia logo ao Pleno, polo que pide que sexan elegantes e honrados en facer isto e expliquen a todos os grupos políticos. Aproveita para pedir desculpas se hai algún erro nalgunha concepción dalgunha partida ou nalgún decimal, aínda que pensa que está bastante ben encaixado xa que se extractou exactamente aquelas partidas que logo se pasaban a votar. Di que o único responsable de que isto veña tarde, mal e a rastro é o goberno municipal, que eles en decembro lles rogaron, lles imploraron e lles esixiron que trouxeran as facturas, que fixeran o que lles están a dicir agora, que se sentarán, o mirarán e que se pagará todo ordenadamente e que incluso o que se trae hoxe non vai ordenadamente xa que se paga a figura de Xaquín Marín no Museo do Humor, que foi unha das últimas cousas que se fixo e non se pagan facturas do ano pasado, de principios de ano, que se pagan facturas de final de ano e que outras facturas xa ven que lles mandou á xente derivalas ao ano dous mil dez para derivar a débeda a este ano e hai que facer seguimento de todo isto, que é unha nefasta xestión á hora de prestar servizos, e o seu grupo quere que se faga se pode ser mañán, non pasado, con orde no pago e transparencia.

A continuación fai uso da palabra o alcalde para puntualizar respecto da factura da figura de Xaquín Marín, sendo das últimas se paga antes que outras e sinala que non se metan unhas facturas diante doutras porque si, senón que xa que os cartos que se destinan a pagar estas facturas veñen dunha parte importante de remanentes líquidos e doutra da desafección de crédito e coma os cartos que non veñen do remanente do Concello .que se poden dedicar ao pagamento de calquera tipo de factura e síguese o criterio que fundamentalmente da antigüidade pero matizada por dúas cuestións, páganse primeiro os servizos básicos, luz, auga, correos, seguros e demais, aqueles servizos de gasto corrente que chegan ao Concello todos os meses e que hai que ir pagando puntualmente, e en segundo lugar outro factor de corrección que eran facturas de servizos que estivesen afectados por subvencións, é dicir,

gastos que necesitasen abonar para poder optar a subvencións doutras Administracións. Sen embargo a parte do recoñecemento extraxudicial que provén da desafección do crédito que está nesta orde do día só pode destinarse unha vez desafectados se poden dedicar única e exclusivamente ao capítulo seis, non se poden dedicar a servizos, e a figura de Xaquín Marín é un ben que é inventariable, que é patrimonio municipal, que é capítulo seis, por iso as de capítulo seis se inclúen practicamente todas e por iso as de servizos se quedan máis atrás.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido quere aclarar o sentido dos votos que van emitir, xa que ao ir todo en lote o seu grupo votou a favor da inclusión das emendas e logo vanse abster nos puntos nos puntos seis, sete, oito, nove, dez e once, xa que entende que o punto doce non entrou neste debate.

A continuación fai uso da palabra o alcalde para dicir que segundo o que lle di a interventora, hai un erro de catro mil cinco centos euros na emenda presentada polo BNG e o propio expediente e as partidas emendadas, erro detectado en tres conceptos.

Seguidamente o alcalde concédelle o uso da palabra á interventora Marta Roca Naveira que fai uso da palabra para sinalar a existencia, salvo erro ou omisión involuntaria, dun erro nos conceptos subtotais que afectan as emendas do crédito extraordinario 2/2010, emenda que afecta ao suplemento de crédito 4/2010 en relación coa emenda ao recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2010.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que no punto número once emendan facturas por importe de noventa e cinco mil douscentos sesenta e oito con oitenta e un euros, e nas emendas anteriores o que se pretendía era non destinar eses importes as modificacións para sufragar esas facturas.

A continuación intervén o alcalde para dicir que é máis fácil que o erro estea no cálculo que no concepto, polo que propón que se adopte o acordo cos conceptos que aquí especifican, no independentemente do importe.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, toma a palabra para dicir que está de acordo en que se teñan se adopte o acordo en base aos conceptos, e se corrixa o erro material das emendas, si é que por erro non as incluíu.

O alcalde intervén para dicir respecto do punto doce, aínda que non está emendado, está relacionado con todo o acordo, polo que poden expresar o voto colectivo para todos eles.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, toma a palabra para dicir que prefiren o seu debate por separado.

O alcalde intervén para sinalar, respecto do Pavillón do Ramo que se lle esqueceu antes dicir que se tratan de limpeza que se realizaron nos anos dous mil sete, cando si o utilizaba o colexio, que en todo caso se aclarará na Comisión.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, toma a palabra para dicir que segundo o falado co director do centro, non utilizaron o pavillón nos últimos tres anos.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 6 de xullo de 2010, coa emenda incorporada, coa corrección sinalada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor : Oito (8), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros no exercicio 2008:

- **Novas inversións a dotar:**

Nº	Proxecto	Denominación	Importe (€)
10 a		Dirección/red. prox ampliación obras plaza Ameneiral	3.485,11
10d		Cambio luminarias en Perlío	7.069,04
10f		Suministro toldo escola infantil	3.190,00
10g		Suministro escultura	4.268,00
10h		Suministro mobiliario biblioteca	1.990,00
8b		Honorarios dirección obra e coordinac. Campo futbol	22.205,75

TOTAL-----42.207,9 €

- **Inversións substituídas polas anteriores:**

Denominación	Importe (€)
Transferencia concello de Ares	

TOTAL-----42.207,9 €

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

7º.- Expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito 3/2010.

A continuación dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 6 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1º. Aproba-lo expediente nº 3/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 22.205,75 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTO	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
342/8b/632.03	Implantación de césped artificial no campo de	84.132,48	22.205,75	106.338,23

	fútbol Os Pinares			
--	-------------------	--	--	--

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 22.205,75 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	MODIFICACIONES ANTERIORES	DISMINUCIÓN	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
161/762.00	Transferencia Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	64.403,71	22.205,75	312.390,54

En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €, expediente nº 2/2010.

2º.- Financia-lo expediente nº 3/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 22.205,75 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.”

No expediente consta informe de Intervención que copiado literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CREDITOS Nº 3/2010.

Emítase o presente informe en cumprimento do esixido polos artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e 37.3 do RD 500/1990.

Normativa aplicable.

- Ley 7/1985 Reguladora de las Bases del Régimen Local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Real Decreto 500/1990 que aprueba el Reglamento Presupuestario.
- Bases de ejecución do Orzamento municipal para o exercicio 2008, prorrogado.

Consideracións.

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de suplemento de créditos fundamentase na causa prevista en el artículo 177.1 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Acreditase o carácter específico e concreto dos gastos e afirmase a imposibilidade e inconveniencia de demoralos a exercicios futuros.

2. O Sr. Alcalde é órgano competente para ordena-la incoación do expediente, por así telo

previsto o artigo 177.1 do RDL2/2004 e artigo 37 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 y 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da insuficiencia de crédito nas bolsas de vinculación xurídicas , e consecuentemente, nas partidas afectadas, co que se cumpre co preceptuado no artigo 37.2 letra b.

5. Propónse que o suplemento de crédito se financie con cargo a baixas por anulación de créditos por importe de 22.205,75 euros, o cal é legalmente posible por así prevelo expresamente o artigo 36.1 a) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

6. O artigo 37.1 do R.D. 500/1990 indica que os expedientes de suplemento ou crédito extraordinario incoaranse por orden de Alcaldía, pero que a súa tramitación ou incoación efectiva corresponderá ás diferentes unidades administrativas que teñan ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas. A este respecto, manifestar que, como é habitual no Concello, dita incoación (Memoria xustificativa e demais documentación) foi elaborada polos servicios de Intervención e subscribida polo Alcalde, ante a escasa implicación na xestión orzamentaria e na tramitación de expedientes por parte dos diferentes centros ou departamentos administrativos deste Concello.

O Real Decreto citado e o propio RDL2/2004, de 5 de marzo únicamente encomendan á Alcaldía a orde de iniciación ou de incoación do expediente e á Intervención a emisión do preceptivo informe e das certificaciones que procedan sobre a situación orzamentaria das diferentes partidas, sin encargar nin a un nin a outro órgano a incoación ou elaboración material do expediente.

Procedemento

Para aprobar un expediente de suplemento de créditos, substanciaranse os trámites seguintes:

a.-Ordeación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.

b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requirese dictame preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda.-art 126.1 Reglamento de Organización, Funcionamiento y Regimen Jurídico de las Entidades Locales.

c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do RDL2/2004 e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril.

d.-Exposición pública por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e no BOP (Artículo 169.1 do RDL2/2004 e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 do RDL2/2004 e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo de un mes y se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.

e.-Remítirase copia da modificación á Consellería de Xusticia e Interior e á Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (artigo 20.4 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

Conclusiones.

Infórmase **FAVORABLEMENTE** o expediente de suplemento de créditos nº 3/2010. Non obstante, a Corporación con superior criterio resolverá o que estime procedente.

Fene, a 18 de xuño de 2010

A INTERVENTORA
Asdo.: Marta Roca Naveira.”

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 6 de xullo de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor : Oito (8), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º. Aproba-lo expediente nº 3/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 22.205,75 € conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTO	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
342/8b/632.03	Implantación de césped artificial no campo de fútbol Os Pinares	84.132,48	22.205,75	106.338,23

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 22.205,75 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	MODIFICACIONES ANTERIORES	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
161/762.00	Transferencia de Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	64.403,71	22.205,75	312.390,54

En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €, expediente nº 2/2010.

2º.- Financia-lo expediente nº 3/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 22.205,75 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente

acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

8º.- Expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario 2/2010.

A continuación dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 6 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1º. Dictaminar favorablemente o expediente nº 02/2010 de Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 67.274,99 €, conforme ó seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE
151/619.01	Urbanismo. Investimentos	3.485,11 €
151/619.02	Urbanismo. Investimentos	8.062,00 €
161/623.00	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Investimentos	7.250,00
165/633.04	Alumeado público. Investimentos	7.069,04 €
179/619.00	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Investimentos	22.450,00 €
231/632.01	Acción social. Investimentos	3.190,00
332/625.01	Bibliotecas e arquitec. Investimentos	1.990,00
333/629.00	Museos e artes plásticas. Investimentos	4.268,00
453/619.00	Carreteras. Investimentos	9.510,84
	SUMAS TOTAIS	67.274,99€

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 67.274,99 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	MODIFICACIONES ANTERIORES	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
161/762.00	Transferencia Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	64.403,71	67.274,99	267.321,30

En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €, expediente nº 2/2010.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de

anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Logo de ver que no expediente constan os informes de Intervención seguintes:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE CREDITOS EXTRAORDINARIOS Nº 02/2010.

Emítese o presente informe en cumprimento do exixido polos artigos 177.2 del Texto Refundido de la Ley RHL y 37.3 del RD 500/1990.

Normativa aplicable.

- Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local.
- Texto Refundido 2/2004 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
- Real Decreto 500/1990 que aprueba el Reglamento Presupuestario.
- Bases de ejecución do Orzamento municipal para o exercicio 2008, prorrogado.

Consideracións.

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de créditos extraordinarios considerase procedente, toda vez que a causa invocada é congruente co previsto no artigo 177.1 de la Ley de Haciendas Locales y artículo 35 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

2. O Alcalde é órgano competente para ordena-la incoación do expediente, por así telo previsto o artigo 177.1 de la Ley de Haciendas Locales e artigo 37 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 y 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da inexistencia de crédito, co que se cumple co preceptuado no articulo 37.2 letra b.

5. Na Memoria de Alcaldía motivase o carácter específico e concreto dos gastos e afírmase a imposibilidade de demora-los a exercicios futuros .
Sen perxucio das motivacións efectuadas pola Alcaldía, e en tanto que a tramitación do presente expediente responde á necesidade de habilitar crédito para facer fronte a facturas que serán obxeto de recoñecemento extraxudicial de crédito, esta Intervención remítese neste punto ó informe relativo ó recoñecemento extraxudicial de créditos nº 4/2010.

6. Proponse que o crédito extraordinario se financie con baixas por anulación de créditos, de conformidade co previsto no artigo 36.1 c) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Procedemento

Para aprobar un expediente de créditos extraordinarios, substanciaráanse os trámites seguintes:

a.-Ordenación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.

b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requírese dictamen preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda (art 126.1 Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Entidades Locales).

c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Ley de Haciendas Locales e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril.

d.-Exposición pública por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e no BOP (Artigo 169 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 da Lei e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.

e.-Remítirase copia da modificación á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e á Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (artigo 150.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo e artigo 20.4 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

Conclusions.

Infórmase FAVORABLEMENTE o expediente de créditos extraordinarios nº 02/2010 coas observacións indicadas no apartado 5º de “Consideracións”. Non obstante, a Corporación, con superior criterio, resolverá o que estime procedente.

Fene, a 18 de xuño do 2010

A INTERVENTORA.

Asdo: Marta Roca Naveira”

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME SOBRE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA VINCULADO AO EXPEDIENTE NÚM. 2/2010 DE CREDITO EXTRAORDINARIO

Remitido o expediente de suplemento de crédito tramitado co núm. CE2/2010, en cumprimento do artigo 16.2 do Regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

1.- Normativa de aplicación.

Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL).

Real decreto legislativo 2/2007, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria (LEO)

Real decreto 1463/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO).

Acordo do Goberno polo que se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria do conxunto do sector público e de cada un dos grupos de axentes que o integran para o período 2008-2010 (BOCG Senado de 18 de xuño de 2007).

2.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O principio de estabilidade orzamentaria defínese no artigo 19.3 da LEO coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria será proposto polo Ministerio de Economía e Facenda e, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local, aprobado polo Goberno. Segundo o acordo publicado o 18 de xuño de 2007 no BOCG, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais diferentes ás sinaladas no artigo 111 do

TRLFL (entre as que se atopa o Concello de Fene), durante o trienio 2008-2010, identifícase co “déficit cero” (0% do PIB nacional).

As entidades locais deberán aprobar, executar e liquidar os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria, antes definido. A avaliación deste cumprimento corresponderalle á Intervención local (segundo o artigo 16 do Regulamento de estabilidade orzamentaria). O informe emitirase, de xeito independente, incorporándose aos emitidos con ocasión da aprobación, modificación ou liquidación do orzamento. O Regulamento só se refire aos informes previstos nos artigos 168.4 (aprobación), 177.2 (créditos extraordinarios e suplementos de crédito) e o 191.3 (liquidación) do TRLFL, polo que neste caso é necesario emitir informe específico.

O orzamento en vigor durante o exercicio 2010, orzamento do exercicio 2008, prorrogado aprobouse cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria (superávit de 0,00 €).

Por outra banda, a liquidación do orzamento do exercicio 2008 arroxou unha necesidade de financiación de 228.377,05 euros., sen que a esta data conste a esta Intervención que se adoptaran as medidas que esixe a normativa vixente (plan económico financeiro).

Finalmente, da liquidación do orzamento do exercicio 2009 resultou un déficit inferior (4,99%) ó máximo autorizado (5,17%) segundo a Circular De la Dirección General de Coordinación Financiera con las Comunidades Autónomas y con las Entidades Locales, del Ministerio de Economía y Hacienda pola que se comunica ás entidades locais o acordo da Comisión Nacional de Administración Local relativo á aplicación flexible da normativa de estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2009, polo que, segundo isto, se cumpriría o obxectivo de estabilidade na liquidación do exercicio 2009.

A normativa vixente sobre estabilidade orzamentaria esixe a corrección desta magnitude de conformidade cos criterios do SEC (Sistema Europeo de Cuentas). Non obstante, esta Intervención considera de imposible aplicación os axustes do SEC neste momento, pois o SEC é unha normativa que apoia tódolos seus datos e magnitudes (dereitos recadados, gastos devengados, variacións de saldos, etc.) en sucesos consumados de imposible determinación no momento de aprobación das modificacións orzamentarias. Polo tanto, e sen perxucio doutras posteriores interpretacións e instrucións que se poidan dictar dende a Intervención Xeral da Administración do Estado, a valoración do principio de estabilidade orzamentaria debe de entenderse efectuando unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos. Así se desprende das definicións de capacidade/necesidade de financiamento contidas no SEC 95, que diferencian a Conta de Capital da Conta Financeira, rexistrando a primeira delas a variación de activos non financeiros e a segunda as variacións dos activos e dos pasivos financeiros. Pois ben, o SEC 95 define o saldo da Conta Financeira (adquisición neta de activos financeiros menos contracción neta de pasivos financeiros), como a capacidade/necesidade de financiamento.

Tendo en conta o anterior, a modificación que agora se propón non afectaría, en principio, ós capítulos que son obxecto de cálculo para a determinación da capacidade/necesidade de financiamento, resultando os seguintes datos:

INGRESOS			GASTOS		
Cap	Denominación	Previsión inicial/MPI/previsión definitiva	Cap	Denominación	Créditos iniciais/MC/Créditos definitivos

8	Activos Financieros	60000,00/0,00/60.000,00	8	Activos Financieros	60.000,00/0,00/60.000
9	Pasivos Financieros	399.000,00/0.00/399.000,00	9	Pasivos Financieros	399.000,00/0.00/399.000,00
Variac. activos financieros (cap 8G- cap 8I) = - 0.00			Variac. pasivos financieros (cap 9I –cap 9G)=0.00		
Capacidade/necesidade de financiamento(variación activos–variación pasivos): 0.00					

O artigo 15 REO establece no seu apartado primeiro que *“Se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso los modificados, y las liquidaciones presupuestarias (...) alcancen, (...) el objetivo individual establecido para cada una de las entidades locales a las que se refiere el artículo 5 (...), sin perjuicio de lo dispuesto, en su caso, en los planes económico-financieros aprobados y en vigor.*

Lo indicado en el párrafo anterior será igualmente aplicable a los supuestos en los que, (...) se considere prorrogado el presupuesto del ejercicio inmediatamente en vigor.

Por outra parte, o artigo 16.2 REO regula a avaliación por parte da intervención local do cumprimento do obxectivo de estabilidade:

“En las restantes entidades locales, la Intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad de la propia entidad local y de sus organismos y entidades dependientes.

